N.º 145

Tomo 11

nós

BIBLIOTECA NACIONAL DE GALICIA
BNGA00299191
CB 050(460.11)
Procede do expurgo da Biblioteca Pública de Lugo

Depósito Legal: VG. 43 - 1972

Artes Gràficas Galicia, S. A. - Burgos, 96 interior - VIGO

CINCUENTENARIO

DE

nos

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

(1920-1970)

HOMENAXE

DA

REAL ACADEMIA GALLEGA



A CRUÑA

30 DE OUTUBRO DO 1970

BIBLIOTECA PROVINCIAL

SUMARIO

Páx.

Sebastián Risco: *Na Soleira* 5
Cincuentenario de NÓS 14

PRIMEIRA XEIRA

Escritores que en época anterior 16
Xerardo Álvarez Gallego: *NÓS en América* 17
Xesús Bal e Gay: *A revista NÓS* 18
Manuel Bergueiro López: *Lembranza histórica* 18
Francisco Luis Bernárdez: *Lembranza de NÓS* 19
Eduardo Blanco Amor: *Ourense e a revista NÓS* 20
Fermín Bouza Brey: *Lembranzas e segredos de NÓS e máis eu* ... 23
Leandro Carré Alvarellos: *No cincuenta aniversario da revista NÓS* 27
Augusto María Casas: *Nós os inadaptados* 28
Xosé María Castroviejo: *A Chamada de NÓS* 29
Hernani Cidade: *Saudades de NÓS e da Galiza* 29
Evaristo Correa Calderón: *Compría relembrarse* 30
Álvaro Cunqueiro: *Agardando NÓS* 31
Felipe Fernández Armesto: *¿Qué queda daquélo?* 32
Xosé Filgueira Valverde: *NÓS nacéu na Cruña* 33
Ánxel Fole Sánchez: *Fai medio século, o movimento "Nós"* 37
Antonio Fraguas Fraguas: *Lembranza de unha xeneración* 37
Avelino Gómez Ledo: *Non somente unha relembranza ademirativa* 39
Emilio González López: *Un dos periodos máis vivos* 40
Salvador Lorenzana: *Catro persoeiros do grupo NÓS* 41
Urbano Losada Martínez: *Lembranza* 42
Ramón Martínez López: *Tense dito de cotío* 43
Xosé Núnez Búa: 1918: *NÓS* 44
Ramón Otero Pedrayo: *No suco da revista NÓS* 46
Valentín Paz Andrade: *Prefiguración da revista* 47
Emilio Pita: *O meu relembro de NÓS* 48
Xosé Ramón e Fernández Oxea: *O índice de NÓS* 49
Manuel Rodrigues Lapa: *Em torno da revista NÓS* 50
Luis Seoane: *Algúns aspeitos de NÓS* 51
Antonio Taboada Roca: *Lembranza dos mortos* 52
Luis Tobío Fernádez: *Na historia do rexurdir da literatura galega* 53
Alfonso Vázquez Martínez: *Recordo inmorredoiro* 54

SEGUNDA XEIRA

Xosé Ramón e Fernández-Oxea: *Índice da revista NÓS* 59
Índice Xeral 63
Índice de Autores 76
Índice de Materias 91

NÓS

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano L A Cruña, 30 de outubro do 1970 Núm. 145

NA SOLEIRA

POR

SEBASTIAN RISCO

A data do 30 de outubro do 1920 non podía nin debía ser esquecida pola Real Academia Gallega, en canto nila produxose un feito de manifesto influxo no desenrolo cultural de Galicia, ao que a Corporación ten o deber e o desexo de atender: o nacemento da revista NÓS, subtiduada, xustamente, *Boletín mensual da cultura galega*. Da súa saída cúmprese meio século no ano que decorre, axeitado lecer que aconsellaba enxergar nisa longa perspeitiva temporal a sinificación trascendente do feito, e conmemoralo de maneira que unise á solenidade a eficacia.

O camiño a seguir pra encher a primeira daquilas dúas finalidades era de doada eleición: abondaba situar e fixar naquila xeira o acontecemento e os homes que o promoveran. Isto é o que nos propoñemos facer decontado.

Compre, porén, ollar denantes máis lonxe deica ao pasado, porque nil atoparemos, se non estrictos precedentes do nacemento do NÓS, cando menos coherentes razóns que clarexarán o seu orixe e a xénesis da súa creación.

Perto xa do ano da pubricación da obra rosaliá *Cantares gallegos,* que pra o profesor Carballo Calero sinala o comenzo da xeira que íl chama "Renacimento pleno" da literatura galega, e respondendo, sen dúbida, aos mesmos azos ambientáis de amor á terra que ben logo darían vida aos *Cantares,* sae *Galicia. Revista universal de este Reino* (1.º de outubro do 1860), dirixida por Antonio de la Iglesia, na que figuran antre os colaboradores Murguía e Villamil y Castro e que abranguéu cinco anos de vida. Quince despóis de fenecer *Galicia,* nace a *Revista de Galicia* (4 de marzal do 1880), de curta vida, da que é direitora a Pardo Bazán e na que colaboran a mesma doña Emilia, Saco e Arce, Menéndez y Pelayo, Brañas, Pérez Ballesteros e Antonio de la Iglesia. Xurde en xaneiro do 1887 *Galicia. Revista regional,* que dirixe Martínez Salazar, e desenrolada en dúas épocas dura deica o mes de San Xoán do 1893, animada por un cadro de colaboradores que encabeza Murguía, a cuia beira alíñanse nomes de esgrevios escritores, a maor parte dos cuáis figuran tamén no censo de autores da notabre coleición bibliográfica Biblioteca Gallega, editada ao decorrer daquiles anos polo mesmo sabio historiador.

No contido das revistas ate eiquí mencioadas prima o senso literario e folklórico, pechado polo xeral nos lindeiros de Galicia, e non cabe recoñecer nilas unha rigurosa ascendencia con respeito á revista NÓS. Vanse, en troques, achegando á liña cultural por ísta seguida, outras dúas revistas: unha, que parte dun senso tradicioal de culto a Galicia oficiado por homes das vellas xeneracións, que nila colaboran; outra, na que as hostes máis novas anuncian e sosteñen o seu ideario. A primeira dilas, *A Nosa Terra* (4 de agosto do 1907 - 27 de outubro do 1908), pubrica traballos de Murguía, Pondal, Carré Aldao, Lugrís Freire, Salvador Golpe, Rodríguez González, García Ferreiro, Alberto Camino, Florencio Vaamonde, e outros, inspirados na fórmula de senso programático esposta na súa cabeceira: "El regionalismo es un régimen de libertad y tiene por objeto instaurar el principio natural de la variedad en la unidad, reconociendo la personalidad de las regiones dentro del Estado, y proclamando el derecho que tienen de regir por sí propias sus particulares intereses." A segunda, que leva sinificativamente o tíduo *A Nosa Terra,* homónimo da denanterior, sal na Cruña como boletín decenal o 14 de novembro do 1916 e preséntase como "Ideario da Hir-



Vicente Risco, visto por Isaac Díaz Pardo

mandade da Fala en Galicia e nas Colonias gallegas de América e Portugal". O fervor ideolóxico e sentimental de ambas a dúas revistas vai prefigurando un ancheamento da área de galeguidade cultural. A direición na que unha e outra se moven, aínda tendendo a metas diferentes, permite calificalas, con certa latitude conceitual, como representativas dunha actitude de *dialéctica rexional.*

Hemos espreitar aínda no horizonte do pasado espritoal de Galicia outro exempro de pubricacións que pola súa importancia e polo valor que xustamente pode asinárselles coma precursoras do reaxir cultural do país galego, que NÓS representa, non podían seren esquecidas. Trátase de catro coleicións de outo valor e manifesta importancia: o *Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense;* a *Galicia Histórica,* de López Ferreiro; os *Documentos para la historia de Pontevedra,* da Sociedade Arqueolóxica daquila cidade, presidida por don Casto Sampedro, e o *Boletín da Real Academia Gallega.* Son istas obras, ao decir do mestre Otero Pedrayo, "as catro grandes empresas da erudición da Galicia contemporánea, e nelas preside a beleza grave e refreisiva da "Musa da Historia"

Temos, pois, na perspeitiva do pasado bibliográfico de Galicia a través das súas pubricacións periódicas, mostras de tres direicións culturáis: a nidiamente literaria e folklórica, a que temos chamado de *dialéctica rexional,* e a histórica. Non creio fose aventurado soster que na revista NÓS viñeron a conxugarse isas tres direicións, xunto con outras notas que máis adiante precisaremos pola esencialidade que acadan na súa valoración última.

Emporiso, o influxo máis inmediato e direito no seu nacemento pode apoñerse ao pulo da xuventude galega, ou, millor, dos novos homes de Galicia congregados nas "Irmandades da Fala", que dende fins do ano 1916 atoparon eco no devandito boletín *A Nosa Terra.* Isa mocedade, ou, si se quer, aquila empresa de xuventude, movéu, sen dúbida, aos homes que naquila outura tiñan decorrido o tempo de dúas xeneracións, a revisar a súa actitude inteleitual e anovala nas colunas do boletín NÓS. Un dos seus fundadores, Vicente Risco, esprícanos, posto xa nos anos trinta, o tránsito do culto do *eu* coma contido dunha moral de sino máis ben individualista inanque sobranceada polo esprito, ao

sinificado coleitivista, de solidaridade xeracional, do NÓS. Referíndose ao ambente social, real e ideal do seu tempo en comparanza co pensamento anovador disa xuventude galega alumeada na segunda década diste século, confesa: "Cando un no meu tempo dicía *nós,* se non refería endexamáis aos da súa xeración, nen aos da súa clás; referíase de cote a un pequeno agrupamento identificado no pensar ou no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo —o noso tempo foi o dos cenáculos literarios e artísticos—. En troques —acrecenta— cando un mozo de agora dí *nós,* refírese as máis das veces aos do seu tempo, á súa xeración. Non foi outro o senso dos "movementos de mocedade". Veleiquí, nista derradeira frase, aludida craramente por Vicente Risco aquila afervoada grei xuvenil das "Irmandades da Fala", e rexistrado aquil esprito de solidaridade que, asegún íl, trouxera ao panorama moral de Galicia e o caraiterizara.

Pois ben; o boletín NÓS veu aceptar a nova sinificación que a verba *nós* tiña acadado no esprito da mocedade, e íl mesmo foi elemento creador dun movimento de estrutura xeracional ao que deu o seu propio nome. Produxose ansí unha verdadeira soldadura, no senso e na finalidade, de dúas tendencias ou, si se quer, de dúas xeneracións culturáis.

Mais, ¿cál puido ser o motor, o incentivo, o verdadeiro aguillón dise tránsito, disa mudanza operada na persoalidade espritoal das xentes fundadoras do NÓS? O mesmo autor de *Os inadaptados* descóbreo cando, desfiando nisa súa obra o novelo dos recordos, pergúntase cómo sendo como eran, e como seguían sendo, "individualistas, inadaptados, antisociás, antigregarios, introvertidos, poidemos vir a parar nunha cousa que semella tan cotiá e gregaria como é a nosa entrega a Galiza, que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega". E remesa a resposta á novela de Otero Pedrayo *Arredor de sí,* á que califica de "autobiografía, non soilo dun home, senón dun agrupamento"; porque "o noso agrupamento —esprica Vicente Risco— andivo todo o tempo dando voltas arredor de sí —e cada un arredor de sí mesmo— sen atoparse endexamáis de todo"; ate que "despóis de tantas voltas e revoltas, despóis de tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espazo e do tempo en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na solprendente descoberta de que Galiza, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un estrato de cultura allea", "ofercíanos



Alfonso R. Castelao

(Debuxo de Díaz Pardo)

un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, como os que andábamos a procurar por ahí adiante". "Adentro de nós —ven a rematar— costituíndo o máis fondo do noso ser, estaba a ialma de Galiza."

Non precisará decir, ao fío disas decraracións, que un dos máis sazoados froitos disa confesada entrega a Galicia dos homes daquil antigo e illado agrupamento, foi a ideia e a celmosa realidade da revista NÓS, que na súa esencia costituíu "a afirmanza teimosa e forte da grei galega".

NÓS é merecente de ser avaliado, polo seu contido e a súa irradiación, como unha empresa de revitalización da Galicia erudita e popular a un tempo. Si aquilas pubricacións devanceiras detíñanse, xeralmente, diante das portas do vindoiro, demorándose no inquérito e na esposición do pasado espritoal do país galego, inspirándose na "Musa da Historia" ou recreándose na espresión literaria, o boletín NÓS, sen desouvir a chamada da tradición nin o latexo popular, fixo do presente de Galicia escano pra enxergar o porvir, pois como di o doctísimo Otero Pedrayo no traballo que ilustra istas páxinas, "NÓS foi comprimento, pero aínda máis programa", aserción plenamente axustada á decraración feita ao frente do seu primeiro número: "é a evidencia lumiosa do mañán o que nos fai sair". Si as primeiras adoitaban pecharse dentro dos lindeiros da rexión, o segundo, concedendo a ísta primacía, coidaba de sobardar as fronteiras peninsuares, asimilando e espallando as derradeiras ideias das obras dos escritores e inteleituáis da Europa, nun louvable anceio de ecumenismo cultural; propósito que foi asemade, dende a primeira hora, norde da súa esistencia, pois como tamén decraróu no programa inaugural, "NÓS ha ser a representación no mundo da persoalidade galega na súa ansia de se afirmare como valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra". Si aquilas, por cabo, empregaban na prosa o idioma castelán, agás de *A Nosa Terra* do 1916 e de algunhas revistas satíricas como *A Fuliada* (" ou zanfona semanal —de alegrías e de bágoas, según o pobo galego— se adivirte, canta ou laia"), saída na Cruña o 9 de febreiro do 1888, e *O tío Marcos da Portela,* escribidas todas elas en galego, o NÓS recolle a língua galega dos eidos do pobo e, arrequentándoa, viste con ela as súas

páxinas como único enfeite, facendo dila "a fonte da nova prosa galega", ao decir de Emilio González López.

E non debe deixar de ser destacada outra nota, alicerce importante na creación do NÓS: a tendencia, amosada na nómina dos seus colaboradores, á identificación ou integración das culturas galega e portuguesa; arela que encontra confirmativa realidade na decraración feita polo erudito profesor Rodrigues Lapa no traballo inserto páxinas adiante, de que unha das dúas circunstancias fundamentáis das que xurdíu a súa vella afeición por Galicia, foi "o incitamento que recebí —aserta textualmente— dos homens que então se reuniam sob o estandarte da revista NÓS, para levarem a bom termo a recuperação cultural da Galiza".

As novas dimensións que acadóu nas súas páxinas o esprito rexional en latitude, coa súa proieición deica Europa; en autenticidade, co emprego escrusivo da lingua galega, e en profundidade, co cultivo da temática erudita e popular, representaron un pulo cultural orientador de Galicia deica metas de integración da súa xenuina e cabal persoalidade, direición que, atraindo as inquedanzas da xuventude, deu lecer pra que se xuntaran arredor do NÓS novos valores que cos seus azos axudaron á promoción dun segundo rexurdimento da cultura galega, ao que o lembrado boletín serviu de istrumento. Foi coma fiestra á que se asomaron os cultivadores da poesía, da literatura, da filosofía, da historia, da arqueoloxía, do folklore e da etnografía, nunha conceición total de Galicia, respetando o onte, recreándose no hoxe e albiscando o mañán, os días que habían vir e, por sorte, virán. A grei inteleitual dise xeito actuante abranguéu o ben gañado tíduo de "xeneración Nós".

Moito máis podería decirse —e sempre no terreo da xusta louvanza— sobor diste primeiro estremo da sinificación trascendente da revista eiquí conmemorada. Mais coidamos que pra xusgar verbo dil abonda co dito e con acudir ao que din aquiles dos seus prestixiosos colaboradores que, coa fidelidade debida a isa outa condición, enviaron os traballos que forman a primeira parte dista obra, en canto lles foron solicitados pola Academia, que por elo ríndelles eiquí testemuño da súa fonda gratitude. E coidámolo ansí, porque as novas, as impresións e os xui-

cios que nises traballos verquen poden considerarse como interpretación auténtica dos principios e das intencións que rexeron o nacemento e a vida da nobre empresa na que participaron; e son asemade a millor xustificación de que a Real Academia Gallega conmemore coa presente pubricación o cincuentenario da saída do sonado boletín.

O número 137-138, de maio-xunio do 1935, foi o derradeiro do NÓS [1]. Non pode decirse, emporiso, que morréu, senón que pechóu as súas páxinas; porque o cerne espritoal e a mesma lei de continuidade cultural que lles deran vida, promoveron, sen dúbida, o nacemento nos nosos días de algunha outra revista que veu recoller con acerto e dinidade o seu herdo, baixo do mesmo lema de servicio á cultura galega.

Pra celebrar tan sinalada conmemoración, a Xunta de goberno da Academia quixo fuxir das consabidas fórmulas rituáis das sesións recordatorias, que alustran un intre para seren decontado esquecidas e que adoitan desenrolarse nos campos da biografía louvatoria. Os nomes esgrevios de Vicente Risco e Alfonso R. Castelao, que como direitor literario e direitor artístico, respeitivamente, encabezaban a revista, din dabondo pra que fora preciso deterse no deseño e na louvanza verbal das súas senlleiras persoalidades, que, doutra parte, teñen conquerido xa posto de perdurante gabanza e gratitude no corazón de Galicia. E outro tanto acontez cos nomes dos seus compañeiros de redaución e colaboradores inmediatos: Arturo Noguerol, Xavier Prado, Alfonso Monxardín, Anxel Casal, Xulio Gallego, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas, Leuter González Salgado. De iles falan máis e millor que as palabras as súas obras, e por riba de todas aquila revista, xa histórica, na que todos puxeron as súas afervoadas ilusións. Considerou a Xunta como forma máis eficaz dirixirse aos colaboradores superviventes comunicándolles o pensamento de conmemorar o cincuentenario da saída do primeiro

---

[1] O seu colaborador Fermín Bouza-Brey, no traballo *Lembranzas e segredos de NÓS e máis eu*, aportado a iste volume, puntualiza que cando os acontecementos do 1936, estaba xa tirada a separata dun seu artigo que tería de surtir no número 139 o que, "por tanto —concrúe— saíu en parte". En troques, o seu tamén colaborador Xosé Ramón e Fernández Oxea, no limiar do "Índice do NÓS" inserto como segunda parte niste volumen e do que axiña falaremos, afirma que o derradeiro número, comprensivo dos 139-144, chegóu a ser editado e parcialmente espallado; e inclúe o seu sumario no referido *Índice*, como pode comprobarse acudindo a íste, na parte adicada a relacioar por números o contido da revista.

número da revista NÓS, "que foi —asertaba a comunicación— bandeira de cultura enxebre e estivo mantida polos máis nobres e outos ideáis", facendo recordo dos fundadores e daquiles que co seu esforzo puideron levar adiante a boa obra como seus colaboradores; e pregándolles o envío dunhas coartelas co texto que estimasen axeitado a tan xusta conmemoración. Entendéu a Xunta, ao acordalo ansí, que disa forma, coa pubricación en opúsculo dises textos, abrangueríase a dobre finalidade de suscitar un enxuiciamento xeral auténtico sobor da memorábel pubricación e, ao par, a fixación do seu recordo; e, asemade, favorecería unha sorte de resurreción nostálxica da mesma revista e viría a facer dila coma un espello retrospeitivo no que os propios colaboradores puidesen ollarse.

Aquil prego, instado con teima sinificativa do interés que a Acadamia tiña posto no pedimento, foi atendido pola maoría dos colaboradores requeridos, que servindo, como queda dito, o imperativo moral de fidelidade aos propios actos, fixeron chegar á Corporación os seus respeitivos traballos. Nun diles, debido á pruma do prestixioso escritor e afervoado galego Xosé Ramón e Fernández Oxea e tiduado *O índice de* NÓS, propoñía o seu autor "que o millor homenaxe que se lle podía facer á revista Nós, no cincuentenario do seu nacemento, sería o de pubricar o índice compreto dela. Cónstame —aseguraba— que hai quen o ten feito pra o seu uso particular, por números, por materias e por autores".

A proposta que facía o esgrevio Académico era ben atinada, e a nova que ao par dila fornecía tiña de seu manifesta importancia. Penetrar o segredo de quén fose a persoa posuidora do índice e a do seu autor, non se apresentaba difícil. Unha e outra resultaron, ao cabo, ser unha soia, aquila que dende o primeiro momento se presentira: o propio Xosé Ramón e Fernández-Oxea. E deiquí en adiante foi todo tarefa doada. Con xenerosidade que endexamáis ficará dabondo pagada, remesóu aquíl á Academia o descoberto índice encetado por unha biografía da propia revista; miunzoso traballo froito dun demorado esforzo alumeado pola devoción á cultura e pola entrega ao amor da Terra, que costitúe valioso ausiliar na esculca e na utilización en xeral do texto do boletín NÓS. Despóis de tan desprendida donación, e xa aceptada, ofrecéuse á Academia, con parella liberalidade cumpridamente agradecida,

outro índice de confeción particular que aquila circunstancia impediu utilizar.

Velehí cómo con tan valiosa axuda fíxose posíbel imprimir á conmemoración proietada aquil senso de eficacia no que a Xunta de goberno desexaba dende un principio fundala. E velehí tamén cómo a relación textual que avencella estreitamente a propia revista co seu índice, aconsellóu e xustifica que a ista pubricación se lle dea, e poda levar lexítimamente, o tíduo de *número póstumo* do lembrado "Boletín mensual da cultura galega"; co que se promove, non xa a *resurreición nostálxica,* como denantes diximos, da mesma revista, senón a súa resurreición máis efeitiva.

Non facía falla engadir, despóis do dito, que ambas a dúas realizacións, a pubricación do índice e a súa incorporación actual á revista, débense á proposta e á nova fornecidas por Fernández Oxea no seu devandito traballo. Folgámonos en testemuñar eiquí, xunto da costancia do feito, a fonda gratitude que por il lle debe a Real Academia Gallega.

Fique tamén eiquí manifesta a lembranza afervoada en que a Academia ten aos colaboradores do NÓS falecidos, e de xeito especial a aquiles que, como un egrexio poeta galego dixo de un diles, morreron "de amor á terra".

E pra remate, recollamos e fagamos nosas as verbas coas que o profesor Carballo Calero dá cabo ao texto da súa adhesión ao homenaxe lembradoiro que a presente pubricación aspira a perpetuar: A conmemoración do nacemento daquila revista de cultura galega "pode traguer ao hoxe o arrecendo dun pasado que, como todo pasado fecundo, constitúe unha lección para o presente"

CINCUENTENARIO DE nos

Oportunamente foi solicitado e aínda nalgúns casos reiterada a colaboración dos escritores, poetas, investigadores, etc., que publicaron as súas producciónsna devandita revista e dos cales tiñamos coñecimento. Respondéu, remesando o que amablemente se lles requería, a maioría dos mesmos. Os nomes dos que non o fixeron van sinalados na relación seguinte cun asterisco. A algúns outros non lles foi materialmente posible neste ensexo atender, como eran as súas arelas, á nosa petición, por razóns que consideramos mui estimables.

Xosé Filgueira Valverde.
Xosé Ramón e Fernández Oxea.
Ricardo Carballo Calero.
Ramón Otero Pedrayo.
Fermín Bouza-Brey Trillo.
Avelino Gómez Ledo.
Evaristo Correa Calderón.
* Uxío Montes Domínguez.
Antonio Taboada Roca.
* Xaquín Lorenzo Fernández.
Eduardo Blanco-Amor.
Emilio González López.
Antonio Fraguas Fraguas.
Valentín Paz Andrade.
Ramón Martínez López.
Alfonso Vázquez Martínez.
Xesús Bal e Gay.
Xosé María Castroviejo.
* Xosé María de la Fuente Bermúdez.
Emilio Pita.
Luis Tobío Fernández.
* Aníbal Otero González.
Urbano Losada Martínez.
Manuel Rodrigues Lapa.
Xosé Núñez Búa.
Augusto María Casas.
Álvaro Cunqueiro Mora.
Francisco Fernández del Riego ("Salvador Lorenzana").
* Xoan Luis Ramos.
Luis Seoane.
Ánxel Fole Sánchez.
Francisco Luis Bernárdez.
Leandro Carré Alvarellos.
Xerardo Álvarez Gallego.
Hernani Cidade.
Felipe Fernández Armesto.
* Lino Gómez Canedo.
* Leuter González Salgado.
Manuel Bergueiro López.

PRIMEIRA XEIRA

Escritores que en época anterior honraron as páxinas desta esgrevia e patriótica publicación e que hoxe, moi compracidos, queren sumarse tamén co seu entusiasta agasallo literario á gratísima conmemoración do L aniversario da fundación da mesma.

Xerardo Álvarez Gallego.
Xesús Bal e Gay.
Manuel Bergueiro López.
Francisco Luis Bernández.
Eduardo Blanco-Amor.
Fermín Bouza Brey.
Ricardo Carballo Calero.
Leandro Carré Alvarellos.
Augusto María Casas.
Xosé María Castroviejo.
Hernani Cidade.
Evaristo Correa Calderón.
Felipe Fernández Armesto.
Xosé Filgueira Valverde.
Ánxel Fole Sánchez.
Antonio Fraguas Fraguas.

Avelino Gómez Ledo.
Emilio González López.
Salvador Lorenzana.
Urbano Losada Martínez.
Ramón Martínez López.
Xosé Núñez Búa.
Ramón Otero Pedrayo.
Valentín Paz Andrade.
Emilio Pita.
Xosé Ramón e Fernández Oxea.
Manuel Rodrigues Lapa.
Luis Seoane.
Antonio Taboada Roca.
Luis Tobío Fernández.
Alfonso Vázquez Martínez.

"NÓS" en América

por XERARDO ÁLVAREZ GALLEGO

I

Aquilo de que se laiaba Jorge Manrique no poético "requiem" pola morte do seu pai, o mestre D. Rodrigo, resulta tan esaito coma a Matemática, ao menos pra os que imos camiño do Alén sen ollar un abrente que clarexe a longa e pecha noite da Terra. "Calisquer tempo pasado foi millor", abofé! Eran os días da mocedade, o "divino tesouro" que tamén louvóu outro esgrevio rimador: o ourive do verso Rubén Darío, o incán. En Pontevedra —vila certamente espritoal deica a súpeta xenreira incivil— estabamos a ensoñar unha Pátria máis dina e millor. Castelao, que ainda coroaba a sus testa có chapeo aleado que lle serviú pra autocaricaturizarse sen máis que os anteollos de compremento, sen nocas e sen face, cuns arriñamentos esquemáticos, coma os do "Simplicissimus" que deprendéu —e superóu— da arte dos dibuxantes alemáns da "avantguerre" do 14. Lousada Diéguez ía cuáseque todos os fins de semán pra os xuntoiros de sobrexantar que nos somían nun anco do Café Méndez Núñez, onde se desmaiaban os queixumes dun reiseñor de madeira (bó concertista de violín, vido a menos) ao compás que tecreaba a dentadura amarelecida dun vello piano.

Ao chegar eu, tardiñeiro, un día de choiva, os outros "habitués" —Clodio Prada, Iglesias Villarelle, Casto Sampedro, Amado Carballo— facíanlle as feligrás aos que naquila tarde arredondeaban, en tenda aparte, e baixando a voce, unha mesa de mármore. ¿Qué conxura matinarían?, ¿por qué daquil segredo tan estrano? Dímonos a cachear as súas intencións, antre veras e bulras, e coa area na zoca. Ledos os catro, Castelao facía númaros —empregado da Estadística, ao fin—; Cabanillas botaba contas, ceibando gargalladas; Vicente Risco falaba sen rédea e Lousada Dieguez tiznaba aos tres co fume do seu xaruto, que sempre estaba no cabo.

Trataban da fundación da revista **NÓS**.

—Agora opinade vós, sen a nosa coacción, dixéronnos, rematando a súa minixuntanza.

II

NÓS non soio nos europeizóu, como se decía entón (a pesare de ser Galicia a que formóu Europa), senón que nos americanizóu, como andaba a pontificar Pérez de Ayala. Daquila eu non podía coidalo de todo, porque ainda non fora o emigrante fitunoso que tiña de sere por vida e morte. Deica me non decataría do que **NÓS** siñificóu para a emigración galega "na outra orela", como rimara Curros, hastra vélo polos meus ollos, ouvilo polos meus ouvidos e sentido polo meu cor.

Hai moitas clas de emigrantes, xa se sabe. Os que teñen da Terra Nai unha saudade animal. Os que se fan persoaxes na emigración e aceitan que lles chamen "gallegos listos", tal coma si os demáis foran parvos. Os que falan mal castelán, en vez do bó galego nadal, porque coidan que este é un "idioma rústico". Pro tamén os que sabían, con Renán, cá posesión dunha lingua propia abondaba pra afirmeza dunha cultura. Ises galegos minoritarios poideron demostralo aos da maoría —e aos estranos— cando **NÓS** chegóu a América. Os prexuicios da zafiedade e da iñorancia dos que ainda fala Jorge Mañach —fillo de galego esgrevio e o máis docto dos escritores cubáns contemporáneos— no seu derradeiro libro "Visitas españolas", foron desbotados polos americáns de sabencia. Recordo eu que don Fernando Ortiz —o polígrafo úneco que tivo Cuba— lembrábame:

—Desde que fuí cónsul en Galicia, supe bien del fondo cultural específico de su pequeña gran Patria. Pero aquí, en La Habana, pocos me entendían, y aun me apodaban "gallego", con entrecomillado choteo. Cuando pude enseñarles la revista

NÓS —como aún no existía ninguna en América— se quedaron asombrados.

Ou sexa: có espallamento cultural de Galicia tivo dúas xeiras: denantes de **NÓS** e após. Denantes, como dixo Paz-Andrade, todo fora "un pranto copioso da lira dos poetas e un xemido da retórica dos tribunos". Dempóis, coma asemade prosara Castelao, viñeron a sustituir aos anos de saloucar nas tebras os en que Galicia reencarnóu nun corpo san e incorruptíbel, que reclamaba garantías pra a súa eisistencia.

Porque o galego, na Galicia das dúas ribeiras —e, craro, moito máis da atlántica de acó— non tivo maxestade idiomática nin siquer nos máis esgrevios homes de letras que cruzaron o charco. Curros mesmo non escribíu en galego nin un soio dos poemas de ferro de cantos alentóu na beira de alá. Todo o máis que fixo foron versiños pra o abanoiro das señoritingas fillas de galegos podentes... Cabanillas non pubricóu "No desterro" deica o 1915. Rey Soto espresóuse sempre en castelán, siquer deixóu dito que, polo silencio do idioma, "sobre Galicia pasaron cuatro siglos sin que la voz de un cantor se alzase para tremolar nuestras glorias; y así pudieron escarnecernos Lope y Cervantes; y así gallego fue nombre de vilipendio y sinónimo de cretino". Basilio Alvarez con toda a súa fama oratoria do "Politeama" —incruso probando que na parrafada de mitin cabía un novo xénero literario, ao decir de Zozaya— non falara máis que castelán diante de púbricos galegos, pretextando o tópico facedoiro de que o faguía pra viltar aos casteláns, facéndollo entender na sua fala.

Tivo, pois, que viaxar **NÓS** a América pra deixar ben probada a capacidade literaria do noso idioma nos vieiros de toda a cultura universal.

A revista "Nós"

por XESÚS BAL E GAY

A revista *Nós* síntoa coma un anaco da miña mocedade, e ao dicir iso coido falar non somentes por min senón por moitos rapaces galegos do meu tempo. Voltando a vista aos anos 20, véxoa coma un feixe lanzal das millores e máis escolleitas arelas e dos máis fondos sentires da nosa Terra, posto a arder, sen queimarse —ao xeito dunha silva bíblica—, pra aloumiñar as nosas concencias e quentar as nosas vontades. Pola outura dos seus ideáis, pola dinidade do seu vivir e polo seu rigor inteitual, coido que foi un *faro* —no senso baudelairián— na vida espiritoal galega.

E fica coma un outo exempro e leición de que o millor que se dá nas coleitividades, a laboura que chega fondo no ser delas e rinde egrexias colleitas, débese a cotío a un home ou a uns poucos homes, e non a fachendosas organizaciós multitudinarias. Nun curruncho de Ourense, tres homes: Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas e Ramón Otero Pedrayo —con Castelao dende Pontevedra—, souperon acender —honrados, intelixentes e imaxinativos— isa luz que aínda hoxe nos alumea.

Lembranza histórica

por MANUEL BERGUEIRO LÓPEZ

Dende moi xoven andiven sempre collido da man do Destino. Iste levóume pri-

meiro de Tabeirós a Negreira, e dimpóis a Taboada, Mieres, Luarca e por último a Oviedo. En cada un distes pobos fun deixando após de min periódicos, revistas, novelas, libros de estudo, de consulta, etc.

Entre as revistas figura unha coleción de **NÓS** que sintín moito perder, porque nela figuraban algúns artigos dos que me gustaría facer agora un resume pra o cincuentenario da aparición do primeiro número da revista que sempre estivo pendente dos recordos históricos das catro provincias galegas.

Nun daqueles artigos decía: "Entre os restos históricos de maior importanza que dos pobos antigos se hachan nos arredodores da vila de Negreira (a **Nicraria** dos románs) pódese decir que é a Ponte Pías, pois a xusgar pola tradizón e por algunhas notas recollidas en libros antigos con ela relacionados deben infruir notabremente na historia desta rexurdente vila, cal demostra a ponte partida que aparesce no escudo da mesma."

Da nomeada ponte inda quedan algúns restos sumerxidos nas augas do Tambre (o **Tamaris** de tempos moi idos), preto do lugar coñecido por Barcas de Tomé, as cales serviron de paso entre Ons e Negreira.

Os vellos dos pobos máis pretos contan encol diste particular, que tradicioalmente vense decindo que a Ponte Pías esisteu con nome distinto deica o século primeiro da nosa era, en cuia época disque apareceu unha mañán sumerxida nas augas do río, xunto cos perseguidores do Apóstol Santiago.

O gran historiador e notabre arqueólogo, don Antonio López Ferreiro na "Historia da Santa A. M. Eirexa de Santiago", trata desta ponte baixo o capitre de "Ponte de Ons" onde dí que o nome de Pias ou Piar é moi antigo e que ista voz galega siñifica pila ou pilar, por cuia razón se lle chamóu Pias, sin dúbida polos pilares que de ela quedaron.

Istes pilares cóidase que son os mesmos a que fixo referencia no seu testamento don Xoan Froila Mariño o ano 1220, que, desexoso de o reconstruir novamente encol das mesmas cepas, dispuxo como última vontade deixar **dez casals** con tal ouxeto.

Tamén revelan a esistencia dista ponte os restos dun camiño román que dende **Aquae Calidae** (Caldas de Reis) viña preto da costa, e por acarón da veciña parroquia de Ons metiase na de Negreira pola lembrada ponte, onde logo tíña unha encrucillada cun ramal pra Compostela e outro pra Finisterre.

Distes camiños inda quedan tamén algúns restos, e no que se dirixe a Santiago atopáronse fai pouco, nunha aldeia moi preta, uns cantos ladrillos con inscricións antigas que se coida son da época romá. A ista aldea chamábanlle por aquel estonces LUCROSA e actualmente Logrosa.

Lembranza de "Nós'

por FRANCISCO LUIS BERNÁRDEZ

A vila de Dacón (alá polo ano 20) foi o noso refuxio. As cousas da familia non levaban boa cara no meu país, a Arxentina, e resolvímonos a buscar acougo na terra de meu pai, nado en San Martiño de Lago, perto das outuras do Carballiño. Era aquél o meu terceiro viaxe a Galicia No anterior tiña eu perdido alí a miña nai, que dormía e durme baixo unha vella laxe do cemiterio de Santa María de Amarante, xunto a oliveiras máis antigas que o mundo e baixo unhas campás cuio choro sigo a sentir despóis de cincuenta e cinco anos coa emoción daquela serán de San Lourenzo, cando escomenzaron a repetir, badalada a badalada, o lento compás do meu corazón esmorecente de anguria. Galicia xa latexaba dentro de min. Dende 1918, dous anos máis tarde, aquel latexo cobróu forma poética. Unha forma desmañada e pobriña, pero fonda e sinceira. "Quero morrer en Galicia" decía o *lei-motiv* dun daqueles desafogos inxenuos, publicados, como a maoría dos meus traballos literarios de estonces, nas páxinas de "Vida Gallega", revista de Vi-

go. Un romantismo máis forte que mín, señoreaba a miña pluma, gobernada por lembranzas tiránicas de Pondal, de Curros e de Rosalía. A meiguice da paisaxe galega e a morte e enterro de miña nai naquel mundo de brétemas e verdes sen fin, decidiron o rumo da miña crescente paixón polas cousas todas da terra ancestral, do chan do meu sangue. Ao voltar ao meu Buenos Aires nadal soupen pola primeira vegada cómo é de doce e de amargo o sabor da saudade. E no devandito 1920 xa estaba eu de novo coa miña xente en Dacón.

Alí tivo inicio a decisiva etapa. Iba eu periódicamente a Ourense no escangallado coche de estonces, entre feirantes e labregos de Maside, de Garabás, de Toscaña, de Señorín, de Pousada, de Fonteboa, de Barbantes e de toda a miña comarca. E na cibdade das Burgas conocín a Euxenio Montes, coa súa figura gótica, e a Candidiño Fernández Mazas, coa súa faciana de anxelote inasibel, especie de Rimbaud da pintura e da vida. Montes, xa prisioneiro de Cocteau, foi o primeiro que me falóu con senso intelectual encol do que era e siñificaba o nacionalismo galego, política e culturalmente. Fiquéi coma o ser que, despóis de moito buscar, atopa a razón das súas inquedanzas máis íntimas. Euxenio presentóume ao Mestre. Vicente Risco recibíume (como logo me recibiría Castelao) coa bondade e cecáis a tenrura de quen, sendo sabio, comprende o que representa a boa vontade do catecúmeno que ven de moi lonxe e con ánimo absoluto de creer. A cousa foi, como sen dúbida pensaredes, no café Royalty, sorte de tertulia misturada de eirexa, onde oficiáronse as primeiras misas do culto que a todos nos tiña enmeigados. A partir do intre que estóu lembrando, os meus viaxes a Ourense foron cousa de cada semana. Chegaba eu ao meu hotel, que era "La Barcelonesa", e sin perder minuto encamiñábame ao café onde Risco agardábame con verbas de alento pra o meu aprendizaxe da língoa galega. Xa Castelao tíñame dito nunha carta vinda de Pontevedra: "Eu asegúrolle que tamén hai ledicias en sementar froliñas nos montes", frase que daba tanto como asegurar que non soio no cultivo de idiomas de maior ámbito pode o escritor topar noble saitisfacción. O día que o Mestre me pedíu colaboración pra NÓS foi un dos máis ditosos da miña xuventude. E alá foron as miñas pobres cousas, pra ser estampadas no órgao do noso sagro movimento. Cousas de nada. Cousas sen pulo. Cousas de rapaz. Mais, ¡qué fervor puxera eu en imaxinalas, en concebilas, en darlles forma!

Teño esquecido cómo foron as miñas contribucións á revista onde Risco, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas e Castelao fulguraban. Lémbrome somentes dos tíduos dalgunhas. Mais conservo ben presente, iso sí, o que sentía eu cando escribía pra NÓS, e, máis que nada, cando lía, pouco menos que relixiosamente, as páxinas daquel incomparabel moimento de fe nunha terra e de confianza no destiño do pobo que nela sofría e calaba, asoballado como estaba dende séculos. ¡Galicia! Pra min era ela o mesmo que unha velliña doce e tristeira, aconchegada no fondo de unha paisaxe que brotaba da súa propia dor, como brotan as bágoas dunha fontela que xa non dá máis. ¡Galicia! Ela, pobriña, era a miña aboa, que, como na cantiga, quentábame a cara "co caloriño da súa". Pensar nela dábame unha forza nova, unha forza que eu pra non chorar, convertía en verbas como as que NÓS, comprensivamente, recollía nas súas páxinas, hoxe tan lonxanas.

Ourense e a revista "Nós"

por EDUARDO BLANCO AMOR

Á querida e venerada memoria de Vicente Risco, meu mestre.

O meu pobo, Ourense, por causas que, en troques de podérense esplicar coas razóns acostumadas, somellan andaren boli-

gando polos indescifrábeles manexos do sino, tivo a "misión" de responder a cada estímulo dos rexurdimentos galegos dun xeito propio, (non digo si millor ou pior, sinón difrente e comprementario) ao que foi común, nistas angueiras, a outros grupos locáis, máis submisos, i eisí como enchoupados, nas ideas de seu tempo. Unha sorte de deslocalización, refinamento e trascendencia do pulo galeguizante, que lle chegaba dafora, podería servirnos de conxetural —e provisional— anotación pra máis vagarosas pescudas e desenrolos. Danse agora, eiquí, istes indicios: No pirmeiro rexurdimento e nos terreos da poesía, que coasi o enche por inteiro, carecimos do énfase, da altisoancia e do "profetismo" tan adoitos ao estilo coetáneo. Curros Enríquez, que tivo algo de todo isto, chega á nosa apreciación por outros valores. García Ferreiro —**Leenda de Gloria**— persiste valedeiro e grato pola dinidade da língoa en sí e da súa gracia poética que pon o poema a salvo de quedárese nunha daquelas exercitacións didascálicas do tipo das de Gallego, Núñez de Arce, Campoamor... das que non se libraron outros dos nosos poetas menores.

Quizáis non fose unha arroutada percibir e tasar xa nista ceda aititude unha sorte de europeísmo —por resistencia ao hespañolismo emulante— máis istintivo que conscente, máis sustancial que programático. E pódese engadir aínda que si carecimos daquiles honrados e resoantes troupoloutróus do liberalismo declamatorio, tan agabanciados no seu tempo, reservámonos, pola contra, a gracia inxel, a natural sutileza, unha certa tenrura contida, a propensión ao análise crítico e un tipo de humor moi característico, que millor sería nomear eiquí "humour" pra entendérmonos no que quero decir que non e máis que poñer a salvo o concepto dos sinónimos desaxeitados que nos propón —e dispón— a lingoa oficial, como ausiliar da nivelación terminolóxica, e tamen tipolóxica, das crasificacións oficiáis.

Si tiveramos espazo onde esplaiar istes bocetos veríamos que os nosos poetas, ainda os máis "elocuentes" e abondosos por íntima necesidade de comunicación masiva, sálvanse da nivelación verbalista e da efusión —ás vegadas confusión— ideolóxica polas suas calidades intrínsecamente poéticas: a mestría estrófica, a folgura métrica e a polifonía no verso de Curros, e a dinificación dos temas "sociais" embebidos de lirismo e de mensaxe "persoal" na poesía de Lamas Carvajal, tamén de outa configuración morfolóxica sin perder contacto co seu lector natural: o home común da cidade e do agro.

Pódese, entón, falar dunha sorte de "filtro" ourensán que condiciona e decanta o volume e a presión do coetáneo; que modifica seus escesos de ademisión e que refina, ás veces sin máis recursos que a ironía crítica, seus tópicos e contidos mostrencos. Dentro do panorama das pubricaciós galegas do segundo rexurdimento —1914-1936— a revista **NÓS,** como feito resultante da súa orientación e por enriba ou por embaixo da sua diversa colaboración, abastada por firmas de todo o país, refrexa, sin se o propor, istas características do estilo intelectual, humán e literario dos ourensáns. Mais, endebén tales disposicóns fixéronse patentes até poder sospeitar unha costante normativa no tempo máis largacío que abrangue a revista **NÓS,** a verdade e que contóu cun lanzal e fértil precedente: a revista "La Centuria" —1917— tamén suxerida e dirixida na sua curta e intensa vida, por Vicente Risco que nun intre doado da vida intelectual do burgo revela, asume e configura un tipo humán prodixiosamente —e modestamente— representativo do que ía ser o estilo intelectual dos ourensáns.

Por aquiles anos un fato de mociños tiñamos esperimentando, dendo o coiro vibrátil ao cerne do ser, a acometida, asoballante e agasalleira ao mesmo tempo, **da sensibilización** "modernista", cecáis máis cedo e máis a eito que noutros sitios intelectuáis de Galicia, polo mesmo que estabamos máis culturalmente indefensos; aunque tampouco sería nada estéril porse a sospeitar o infruxo colateral que sober nós, os ourensáns, tivo o modernismo portugués... O Modernismo, pra os que, máis que "formarnos", atopámonos "vivindo" os seus intres e trunfos cicáis más integrados por máis serodios (Valle Inclán, nos seus

BIBLIOTECA PROVINCIAL

resultados máis característicos e xeniáis pra o gosto actual, é un modernista serodio); o Modernismo máis que unha escola ou un método, sinificounos un **procesus** ausorbente, vampirizante, total, de sensibilización, de sensorialidade e de resultante sensibilidade que acadóu, dafora adentro, todas as nosas posibilidás estéticas, mentais, caracterolóxicas, vitáis en suma, que se refrexan mínimamente na nosa ceda produción. Algúns endexamáis poideron sortir do seu total engado pra acudir aos chamados que os requeriron, co pasar do tempo, dentre outros entornos cicáis máis lucidíamente mentáis máis non tan entranabelmente vitáis. Dun xeito ou doutro, o Modernismo foi pra nós non tanto un "saber" de época, unha paixón dos ismos fuxidíos, sinon un modo de ser, un "sendo" que nos seguíu acompañando no longo debalar esistencial, ao traveso das máis variadas —e miméticas— xesticulacións...

Nas planas de "La Centuria" (os simbolistas franceses, a literatura irlandesa, a teosofía literaria, Tagore, a astroloxía, os horóscopos do poeta Primitivo R. Sanjurjo, ás veces peligrosamente aplicada: o Kaiser, Alfonso XIII...; as novas estéticas; un longo ensaio de Risco, aparecido en varios números, titúlase: "Preludio a toda estética futura); nas planas de "La Centuria" atopóu a sua pirmeira deslocalización europeísta respecto ao interpósito infruxo "hespañol" aquil fato de rapaces que iamos a estrenarnos como escritores e poetas nas páxinas do **NÓS** Ao mesmo tempo que nos ceibabamos de tal subsidiariedade descobrindo os outros rostos da Iberia e a nosa alma anterga, afundida nos castros e na fala da xente, adeprendiamos a rexeitar as limitacións dun galeguismo primario, "enxebrista" e pintoresco; e o "regionalismo" como conciencia de formar "parte" de outra cousa que, por esencia orixinaria e por usos da vida non nos contiña por inteiro, e cicáis nos privaba da nosa posible autenticidade, dun presumíbel estilo pra a nosa creación artística e intelectual. Como parte daquil novo rigor i esixencia propia, adeprendimos tamén as diferencias que tiñan que estabelecerse no futuro entre unha verdadeira i esixente crítica e a aprobación complacente e veciñal que misturaba e tasaba agarimosamente a fidelidade ao idioma e o uso da fala escrita como talento literario. Os nosos termos de comparanza e emulación, situáronse máis aló de Madrid como centro único e modélico dunha implícita valoración, dun aprendizaxe e dun degoiro. A todas istas cousas, que no fondo eran unha soia: a recuperación espritual da Galicia, algúns chamábanlle "separatismo", porque na vida decote houbo parvos que tomaron en serio as propias parvadas. Anos despóis as mocedades galegas ian concretar iste estado de concencia nun principio inxel e poderoso: "Galicia como célula de universalidade". Despóis veu o que veu, e NÓS foi unha das pirmeiras víctimas dun confusionismo no que se nos foron aló longos trinta anos de perda.

Móvome eiquí —xa abusivamennte— nun espazo limitado que non me consiste esbozar xiquera outros elementos ambentáis —homes, feitos, datas— que compuxeron o ámeto do **NÓS** e as súas inmediatas consecuencias. Algún día, si a vida dá pra tanto, tencionareino. En pirmeiro logar faise indispensábel, e xa urxente, replantear unha nova, máis xusta e intelixente ubicación do maxisterio de Vicente Risco. Pra os da miña xeneración literaria —coa matización "política" que supón a nosa posición "militante", anque extrapartidista, respecto ás obrigas totais pra coa nosa terra, Risco foi o mestre fundamental e indiscutíbel dunha actitude que escedía en moito aos lúdicos enlevos da literatura; e tal como era: "pequeno de corpo e grande de esforzo", o catalizador primario e duradeiro dunha enerxía patriótica que se mantivo até o cambio de postas, anque non de esprito fondal, que había de producirse con Castelao.

Polo tocantes ao testemuño persoal que nos pide a Academia no seu inquérito, teño que decir que en **NÓS** estrenéi non só a miña poesía en língoa galega sinón a miña prosa narrativa: os capídoos iniciáis de "A escadeira de Jacob", unha novela (onde íase intentar, por pirmeira vece, o uso do idioma nun ámeto cosmopolita e sin xente galega), que ficóu marrada nas aquelas pirmeiras, e logo moi teimosas, dúbidas, que até o de hoxe me acometen nos

reiterados intres en que poño a proba a miña "habilidade" de narrador, que son as mesmas que van deixando estrada a miña "carreira" de autofrustracións, non da elaboración sinón da pubricación dos seus productos.

Veleiquí a presencia dos ourensáns, ao azar da memoria, que andiveron, xa de mozos nas páxinas de **NÓS:** Vicente Risco, que a dirixía, xunto co Castelao; Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Arturo Noguerol, Xaquín e Xurxo Lourenzo, Antonio Losada Diéguez, Euxenio Montes, Álvaro e Augusto de las Casas, Xavier Prado (Lameiro), Xosé R. Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey), M. Fuentes Canal, Roberto Blanco Torres...; dibuxos de Lamas Barreiro, Fernández Mazas, Prieto Nespereira. No tocantes ao seu contido habitual, turro ventureiramente dun exemplar da moreiña que teño eiquí á carón. Sae o número 27 do ano 1926. Veleiquí o sumario: **Poema,** de Fermín Bouza Brey; **Encol dos estudos modernos de Antropoloxía,** por R. Otero Pedrayo; **A moderna literatura irlandesa** (parte VII), por Vicente Risco; **A edade de pedra na Galiza** (parte XII), por Florentino L. Cuevllas.**De quod nihil scitur,** proseguimento da obra de Francisco Sánchez, na traducción de Aznar Ponte; **Os homes, os feitos e as verbas,** seción fixa, pola Redación, na que se acorda nova e miuzosa atención ás letras portuguesas. Entre o material dista entrega, hai un comentario, probabélmente do Risco, encol da aparición do primeiro libro, **Cousas,** de Castelao que agoira, con fino anticipo, a sucesiva importancia que ía ter a obra literaria de Castelao como integración da súa obra artística. Nista mesma seción hai outros supostos encol doutras vidas, aínda tan tenras e problemáticas naquil intre, que cicáis se foron complindo en certa direción pra axustárense á ceda, confiada e garimosa profecía do mestre.



Lembranzas e segredos do "Nós" e máis eu

por FERMÍN BOUZA BREY

Era eu un mozoilo universitario cando veu a lume o NÓS. ¿Quén o fixo chegar ás miñas mans? Soio sei que foi un regalo pra a miña ideia, xa firme daquela, de erguer á Terra "pra que sexa —decía daquela Vicente Risco, o noso inmorrente Vicente Risco— un centro de enerxías e non soio un vasto casino ou un parque de vran". Ollabamos todos naquelas páxinas de limpa prosa e nobre verso cinco oráculos da nosa cultura: O Risco, o Cabanillas, o Castelao, o Lousada Diéguez e o Otero Pedrayo; mais o Lousada tiña pouca laboura e o Otero era un desconocido...

Había un outro que facía comentarios das cousas de acotío, aos fenómenos económicos e sociolóxicos. Chamábase Florentino López Cuevillas. Con todo a primeira ollada da mocedade de aqueles días era pra os escritos que a revista ourensán podía traguer da triloxía Risco, Cabanillas e Castelao.

Os novos nomes iban destapándose como un recendo. Otero, impóndose de súpeto, escrebía alcesos artigos sobre dos ouros barrocos, que valían por todo un ensaio de fondos saberes e descobría mundos de teimas baixo dun prisma galego. Era unha prosa inzada de metáforas con reigaña na realidade anterga ou contemporánea de Galicia. O Cuevillas trocóu as glosas sobre do tempo e da vida contemporáneos, e no número 9, do 31-I-922, encetóu os estudos arqueolóxicos estudando *A mansion de Aquis Querquernis,* directriz que xa non deixaría da man endexamáis.

En tanto, saíra o número 8 da revista adicado á loita en Irlanda, cos retratos de De Valera e Mac Swinwy o Alcalde de Cork. Aínda lembro os versos de Cabanillas que deixaban unha laña de saudade polo sagrifizo do derradeiro:

¡Irlanda!. ¡Irlanda irman!.
Ten unha nova estrela o noso ceo
e ten uns santos novos noso altar.

Foi impresionante o n.º 10 estrenando fermosa portada simbólica grabada por Castelao. Inda hoxe é a que millor representa á revista e ao seu esprito. O derradeiro número de NÓS morréu con ela posta como un relicario.

No n.º 12 do 25-VIII-922 saín eu á palestra con un poema, e, no 15 do primeiro día do ano 23, deu comenzo o Froro —xa pra min era Froro— a *Catalogazón dos Castros galegos*. No 17 abrín xa o meu portelo arqueolóxico cunha nota encol da eirexa románica de Portas. O n.º 18 do 1.º de Xullo trai o graúdo soneto de Cabanillas ao Apóstol que aínda sei de memoria... e ¡zás!: o xeneral don Miguel Primo de Ribera procrama a Dictadura Militar... e o ¡NÓS! deixa de sair. Castelao fíxome saber que o Risco tivo medo.

O 12 de Outono de ise ano decidín ir co Luis Tobío a ollar a casa de Ortoño onde se crióu Rosalía. O Filgueira cos máis rapaces conocidos sumáronse á escursión a pé, e no castro de Lamiño, a iniciativa miña, xurdeu o "Seminario de Estudos Galegos". Eu acudín ao grupo de NÓS e o Risco mandóume, pra ingresar, o estudo sobre a vila de Castro de Caldelas. Leíno eu na Aula núm. 1 da Universidade. O seu remate fixo estoupar a Cotarelo nunha tremendísima risada:

Adios villa de Caldelas,
ventanas y corredores:
eres frío de los aires,
caliente de los amores.

O Cuevillas mandóume o orixinal de *A Edade de Ferro na Galiza,* primeira ollada conxunta con visión moderna de tal período na Galicia. Leíno eu tamén, e, pola razón de que non tiñamos aínda no Seminario orgao pubricitario, mandéino ao NÓS pra que saise a lús, porque, como todo pasa niste mundo, tamén tiña pasado xa a Dictadura, e o n.º 19 da revista saíu o 25 de Xullo, día de Galicia, do ano 1925 co estudo de Cuevillas que fora lido na sesión do 18 de Abril de 1924 do Seminario.

Seguín pubricando poemas e notas de arqueoloxía hastra que decidimos o Cuevillas e máis eu revisar e pór ao día a nosa Prehistoria. O Froro tiña emprincipiado a remexer na citania de San Cibrán das Lás e dera no dito n.º 10 un adianto dos seus achádegos. Pasado tempo haberíame de mandar o estudo de tal xacemento que leín no Seminario e, dempóis, visto que non podíamos pubricar neste pola nosa conta, resolvín mandalo ao "Boletín de la Real Academia Gallega" onde saíu. Isto detremiñóu unha meirande relación antre o Froro máis eu e decidimos, como dixen, escomenzar a revisión de canto se tiña traballado encol da nosa arqueoloxía prehistórica axuntando a *Bibliografía da Prehistoria Galega* que aparecéu baixo o rubro dos dous no n.º 41 de 15-V-927 e seguinte.

Os traballos do gran mitólogo que era o Risco son de iste tempo. Os estudos sobre dos Mouros encantados, do Demo na nosa mitoloxía popular e o programa pra o estudo da Literatura oral do pobo galego, son de iste intre. Por certo que conservo do Vicente —xa pra min era o Vicente— un precioso obsequio que non sei de que esista outro exemprar, que é un índice ou temario pra o inquérito do Folklore de Galicia, cousa dina de tirar do ineditismo en que xaz.

Tamén son de aquéla os estudos de Otero Pedrayo de Xeografía humá da nosa terra que traguían novos ventos pra o estudo da paisaxe e da vida labrega.

Eu entremediaba os poemas cas arqueoloxías. Escomenza o que se deu en chamar neo - trovadorismo. A morte abrangue ao Amado Carballo. Pubrícanse no NÓS as descobertas das igrexas prerománicas de Mixós e de Ambía, e colabora en língoa galega nesta laboura o fino e liberal esprito do mestre don Manuel Gómez Moreno.

O 7 de agosto de 1928 visitamos a citania de Sabroso o Cuevillas máis eu na compaña do mozo arqueólogo portugués Ruy da Serpa Pinto que tiña de morrer aos seus 25 anos frorecidos de profundos estudos. Eu tiven a sorte de descobrir novas gravuras rupestres que non tiñan sido catadas po routros ollos dende que o Martins Sarmento estudara o lugar. Pidéume o Serpa Pinto facer il o seu estudo, consentín, mandóumo e fixen sair no NÓS *Os petroglyfos de Sabroso e a arte rupestre en Portugal* (n.º 62).

No n.º 63 uséi, coido que por única vez, do seudónimo *Abel Demo* pra dar unha tradución de un poema catalán de Anxelo Guimerá, quezáis pra non repetir o meu nome, posto que alí saíu tamén o *Cancioeiro das Ribeiras do Tea* que moitos coidan que vai firmado por min e por meu irmán, cando a verdade é que o firmo eu máis un meu curman que ten o mesmo nome do meu irmán, Luis, pro os apelidos son trocados, Brey Bouza.

Por estoncias (1929), mandóume o ilustre investigador lusitano Mario Cardozo de Vasconcellos, alma e vida da "Soc. Martins Sarmento", de Guimarães, un estudo estraordinario sobre das *Xoias arcaicas encontradas en Portugal.* Eu mandéillo ao NÓS e hoxe búscanse as separatas feitas, con ansiedade polos esculcadores da antiguidade.

A pouco, finóu Manuel Antonio. Como fixen con Amado Carballo, deixéi no NÓS o meu *requiem* polo amigo poeta (n.º 85).

Estóu xa prenamente en contacto co Vicente pra argallar a revista. E o n.º 92 do día de Galicia de 1931 está total e absolutamente disposto por min, sen que o Risco soupese do contido deica a saída da imprensa. Vai adicado á poesía. Todos os poemas os pedira eu, un por un a cada autor. Leva un prólogo anónimo que é da miña autoría e comenza: "A festa de Galicia, sonora sobre toda cousa..."

Nos númaros que veñen dempóis ás penas hai algun que non leve traballos meus, quer no testo xéral, quer no "Arquivo filolóxico e etnográfico". Pro chega o n.º 113 adicado a Murguía, no centeario da súa nacencia, datado en 17-V-933 e pra il compuxen os *Escudos de Rianxo* que firmamos Castelao máis eu, cuia colaboración con aquel galego inmenso é un dos afoutos máis memorabres da miña esistencia. O Daniel, que non sei por qué tiña posta en min a maior fiducia, díxome un día: "Mira, teño dibuxados a tinta china os escudos que hai na miña vila de Rianxo. Vouchos dar a ti pra que os pubriques ou fagas con eles o que queiras. "¡Madia leva!. Estudéi nos blasóns do querido pobo mariñeiro (¡eu que me confirmo pola boca, os escritos e os saberes xenealóxicos de Anton Taboada Roca como descendente do Almirante do Mar!) con aquil amoroso coido que o gran Daniel e o Paio Gómez Chariño, poeta, merecían, e alá anda a rolar a historia rianxeira levada polos nosos espritos ao servicio do renacer de unha Patria. Conservo aqueles preciosos dibuxos, con outros de aquél seu autor, con emoción eterna nada no minuto mesmo en que mos entregóu.

Namentres, tiña saído o *Prehistoria e Folklore do Barbanza* que o Froro máis eu, dempóis de unha xeira memorabre, ordeamos.

Na revista que conmemoramos veu pubricando ao longo da súa vida abondosa laboura poética Otero Espasandin. Todo ten o seu fado. Istes poemas o teñen tamén. Cando Otero Espasandin marchóu pra as Américas, visitóume traguendo un feixe de boa poesía. E facendo tamén fianza en min, deixóumos, sen máis. Eu funos dando, aos poucos no NÓs, co ritmo natural de creación, como si estivera presente e fora il mesmo quen os mandaba. Non houbo tempo a dalos todos e aínda están na miña man parte dos poemas. Como mos deixara sen firmar, tiven eu que porlle a firma a todos. Cando eu fine, ali estarán antre os meus papéis ben firmados, dándolle a cada un o seu, como corresponde.

Nos derradeiros números do NÓS hai dúas cousas en que non entréi nin soupen deica que as ollei. Unha de elas, o artigo de Ricardo Carballo Calero *Grorias e perigos da poesía de Bouza Brey* e outro

o de don Eduardo Lence-Santar e Guitián *Un interesante libro de formado da Catedral de Mondoñedo* cunha adicatoria de loubanza amical.

Co n.º 137-138 de Maio-Xunio de 1935 non remata, como poidera creerse, a esistencia da pra min entrañabre revista NÓS. Cando os acontecimentos de 1936, nos que perdéu a vida o seu editor Anxelo Casal —o 17 de Agosto que non esqueceréi—, estaba xa tirada a separata de un meu artigo que tería de sortir no n.º 139 *Aportacións ao Diccionario de artistas da Galiza dos séculos XVI ao XIX*. Por tanto o 139 saíu en parte, cousa que poucos saberán.

Por tanta e tanta colleita que arrecadéi pra o NÓS, xa propia, xa allea; polo agarimo que teño posto naquelas páxinas que tanto soergueron a nosa cultura mundo adiante, conservo, por obsequio do Vicente, unha tarxeta postal a il endereZada dende Moscú por un señor S. Davidoff, o 6 de Octubro de 1931 pedíndolle mandase a pubricación porque "he oído casualmente —conta— que la mejor revista mensual dedicada a la cultura gallega es NÓS".

¡Qué queredes que eu vos diga!. Os millores anos da miña vida están alí, cos seus anceios, cas súas longas espranzas...

"Nós" onte, hoxe e mañá

por RICARDO CARBALLO CALERO

Cóntase que Talleyrand soía decir que aqueles que non coñeceran a vida da sociedade francesa anterior ao 89, non coñeceran a dozura de vivir. A saudade do pasado, aínda na aceptación dun presente inevitable, e mesmo satisfactorio, acugula co seu arrecendo todo corazón accesible á lembranza. Despóis de 1789, o aristócrata desprazado lembraba con saudade o seu vello esplendor; pero o revolucionario no poder, lembraba os tempos heroicos da conspiración ilusionada e as xornadas renovadoras da historia. A nós, os homes que colaboramos na revista **NÓS,** semellanos que os nosos seguidores, as promocións que se incorporaron á cultura galega despóis do 36, non coñeceron unha das máis barís ledicias que é dada a un intelectual: traballar dentro dunha tradición, escoitar a mestres amados, venerar a devanceiros queridos, sentirse instalado nunha liña de continuidade histórica. Os mozos de agora levan unha vida máis doada en moitos aspectos, porque os seus predecesores lles deixaron un herdo que eles benefician. Nos tempos de **NÓS,** ese herdo era pobre e precario, e tiñamos que loitar duramente para conservalo e enrequentalo. Pero moralmente poseíamos máis agarimo, pois non refugábamos os vencellos da paternidade e da mestría, e non revestíamos o fasquío de orfos, nin nos sentíamos os primeiros homes sobre a terra, estraños ás xeracións que nos precederan, na desolada lividez do despertar de Adán. Edipo pode saber ou non saber que dou morte ao seu pai; pero, séipao ou non o seipa, o seu destino é a cegueira, é decir a mutilación, cando non o suicidio. E nos nosos tempos, Antígona non esiste, ou, como na versión dun escritor galego, refuga —prefigúrao un coñecido conto popular— o papel que a antiguidade lle asignaba. Estas situacións conflictivas dentro da propia caste, estas liortas familiares, estas illas xeracionáis, non esistían para **NÓS.** A sensación de continuidade, o gozoso labor de insinar e aprender, a firme definición da mestría e o aprendizaxe, daban un fundamento á vida intelectual que non é hoxe patrimonio común, abalados todos os fundamentos e negadas todas as xerarquías.

A lembranza daqueles tempos non pode borrarse na nosa mente, a dos homes que fomos aprendices en **NÓS,** anque, a cabalo do poldro bravo da historia, houbemos de defrontar na madurez un clima máis inhóspito. A conmemoración do nacimento daquela revista de cultura galega, onde a

todos os que amábamos á cultura e á Galicia foinos posible convivir e aprender, pode traguer ao hoxe o arrecendo dun pasado que, como todo pasado fecundo, constitúe unha lección para o presente. Xa sabemos que o onte é moitas veces mañá.

No cincuenta aniversario da revista "Nós"

por LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS

Como é sobexamente sabido, nos séculos XII e XIII frorescéu na Galicia unha literatura e unha cultura da que se conservan riquísimas amostras nos cancioeiros galaico - portugueses da Vaticana, da Axuda, Colocci - Brancutti, nas Cantigas de Alfonso X, o Sabio, e outros libros de grande interés, máis unha grande contía de documentos de toda sorte, arquivos da língoa falada dende aqueles séculos na nosa terra.

Os Reis Católicos da España obrigaron a empregar o castelán para todo canto tiver relación púbrica oficial, así como pra o ensino, cousando con estas disposicións unha pexa pra a continuidade e desenvolvimento das Letras e cultura vernáculas.

Mas, a meiados do século XIX xurde un renascemento que esperta a espresión da fala galega na literatura. Escrébense poesías, contos, artigos diversos, que se pubrican en algúns xornais, e créanse revistas bilingües como "Galicia" (Cruña, 1860/66); "La Ilustración Gallega y Asturiana" (Madrid, 1879/82); "Galicia Diplomática" (Santiago, 1882/84), e outras; sendo das máis duradeiras a "Revista Gallega" (Cruña, 1896/1907).

No ano 1916 creóuse na Cruña a "Irmandade da Fala Galega", que tiña por ouxeto espertar nas xentes o esprito coleitivo da nosa persoalidade rexional, que levaría aparellado o estímulo cara a preocupación da cultura e máis da vida económica e social da Galicia. Esta iniciativa foi acollida en xeral con grande simpatía, e decontado a ideia espallóuse por toda a rexión, creándose en todas as vilas e cibdades parellas agrupacións ás da Cruña. Fundóuse daquela unha revista decenal, *A nosa Terra,* totalmente escrita no idioma galego (Cruña, 1916); unha coleción de obriñas literarias, *¡Terra a nosa!* (Cruña, 1919); un "Conservatorio Nazonal de Arte Galego", que se apresentóu ao púbrico (Cruña, 1919) representando a comedia *A man de Santiña,* de Ramón Cabanillas (continuando a súa actuación por espacio de sete anos), e realizáronse esposicións de pintura, concertos musicais, conferencias encol de temas galegos diversos. Este labor foi imitado polas agrupacións constituídas polos "irmáns da fala" das outras cibdades e vilas da rexión. Intensificóuse así por toda a Galicia a labor encetada a meiados do século pasado que culminóu coa fundación da Real Academia Gallega, constituída o ano 1906 na Cruña, en xuntanza coas persoalidades máis representativas da cultura rexional, e que, dende aquela continúa a pubricar o seu "Boletín" de estudos e traballos relativos a Galicia.

En Ourense moraba entón un xoven de esprito inquedo, intelixente e culto, con ideias referentes á teosofía, orientatalista, ocultismo, e ao que atraía a arte e literatura futuristas. Este home chamábase Vicente Risco, e tivo a habilidade de axuntar ao seu redor un fato de mozos estudosos e ateigados de entusiasmo, creando unha revista cultural, a revista NÓS, que aparescéu en púbrico o 30 de outono de 1920, espertando o interés e máis a compracencia de todos os seitores da galeguidade, pola orientación así como pola valía dos traballos que contiña.

Noustante, a revista atopábase con dificultades económicas que, en cabo fixeron crise, e o 25 de xulio de 1923 foi dado a luz o derradeiro número pubricado naquela etapa. Mais non foi o último.

En novembro de 1924 encetóuse na Cruña a imprentación dunha nova coleción de novelas curtas escribidas na fala galega, "Lar", da que eu fun propietario e direitor. Esta editorial, que deu ao prelo 40 noveliñas de distintos escritores xa coñecidos e algúns novos, e máis de outros libros de poesías e teatro, e o primeiro Dicionario Galego pubricado neste século (1928), fíxose cárrego do proseguimento da pubricación da revista NÓS, podendo así continuar ésta o seu vieiro espallando os interesantes traballos dos seus numerosos colaboradores, que son hoxe comprendidos en tres grosos volumes, fontes de estudo daquela tempada de tan gratas lembranzas polo que representan para a cultura galega. O que compre termos presente arestora.

Nós os inadaptados

por AUGUSTO MARÍA CASAS

Direitor, Vicente Risco; Xerente, Arturo Noguerol; Redaitor Xefe, Xavier Prado (Lameiro); Subxerente, Alfonso Monxardín; Redaitores, Ramón Cabanillas, Castelao, Lousada Diéguez, Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado; Colaboradores, Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Phileas Lebesgue, A. Villar Ponte, W. Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, A. Noriega Varela, G. López Abente, L. Peña Novo e outros espritos senlleiros.

Vicente Risco, un temperamento filosófico e sistemático, chega á literatura con unha profunda curiosidade inteleitual engadado por todos os probremas do seu tempo. O Mestre de "La Centuria", no que están presentes Nietzsche e Ruysbroek, é unha mentalidade de inteleitualismo puro, con unha curiosidade acirrada polos simbolistas franceses e os poetas esóticos, malia do seu pendor neorromántico e antiacadémico, máis formalista.

Nun comenzo bulían na súa mente os disparos xenialmente entesados, de guieiro das xeneracións que virían despóis, con rixeza e finura, traslucindo o humorismo dun home pesimista e paradóxico.

Aquel Vicente Risco era un **inadaitado,** home que aborrecía do seu tempo, e máis dos seus mestres, insatisfeito da realidade cotiá, tras dunha arte como volta cara á natureza e ao esprito, non nemigos do medio natural, senón do medio social que os arrodeaba.

A teoría era unha saudade á percura das formas comunais orixinarias. Cultura de fronte a civilización. A sedimentación de séculos sobor da alma do home, como froito do post-modernismo. O seu estilo locía nun ton casticista e garrido. As vellas culturas dábanlle a clave posibre da vida e da arte.

É dicir, era unha posición de auténtica xuventude, asentada sobor das capas máis firmes do eu coleitivo do seu pobo, en loita coa inevitabre decadenza do seu tempo.

Vicente Risco dixo entón, nós somos neorrománticos e tráxicos e apocalíticos, pra saltarmos sobor da noite que ven e que é un renascemento da alma porque a lus das almas ha ser o contrario da dos corpos.

Somos o humanismo que se arreda soberbo do mundo apodrecido; unha recreación do mundo de Mallarmé.

No seu ensaio xeneral "NÓS os inadaptados" anticípase á súa propria persoalidade e un eisame detido da súa teoría descobre a súa vea comprensiva para reitificare o "Nós" por un "Ego" cáseque nietzscheano.

Por iso prodúcese nel a súa permanencia nunha posición de xuventude, o tanto do seu **pensamento galego puro,** nutríndose das tradicións vivas e auténticas.

Para Vicente Risco o esencial é o pensamento como fonte sempre viva que canta no silencio a vivencia eterna do pasado e a arela inmortal da espranza.

O pasado, como dicía Teixeira de Pascoaes, é a preformación do futuro, canto hai e canto terá de haber, é o desenrolo das protoformas pasadas, somos o pasado todo da terra e do Universo enteiro.

É un neorromanticismo que se mantén de auténticas vivencias Kármicas.

Cando eu en 1925, estudante de Compostela, conocín a Vicente Risco, comprendín que el era o xigante Anteo, ao contauto coa terra, dun espritualismo inestinguibre, ergueito sobor da súa perene posición de xuventude, xa a salvo do tempo, no silencio do seu maxisterio, onte, coma hoxe, e coma sempre, arrodeado do esprito dos inadaitados.

A chamada de "Nós"

por XOSÉ MARÍA CASTROVIEJO

Escollo, ao azaro na miña libreiría, dous números de NÓS; corresponden a xaneiro de 1926 un, e outro a febreiro de igoal data. Escomezo a follealos con emoción reprimida, ¡canta saudade niles! Cabanillas, Otero Pedrayo, Cotarelo, Risco, Cuevillas, están, entre outros, alí coa súa colaboración, esgrevia e doada a un tempo. NÓS foi pra a nosa xeneración dos anos trinta unha chamada arrebato, un sino que batéu na concencia cultural de Galicia, despertándoa tras un longo sono. Nas súas badaladas repinicaba unha alba enfervorecida, e, "in nuce", as sementes futuras da Terra, as que recolle a xeneración moza de hoxe: a xeneración da esperanza.

No cincuentenario diste que foi exemprar "Boletín mensual da Cultura Galega", dirixido literariamente por Vicente Risco, e artísticamente por Alfonso R. Castelao, outos e lucidos nomes, vóanme ao recordo, os versos de Manuel Antonio o noso gran poeta do mar:

> Fume de pipa. Saudade.
> Noite. Silenzo. Frío.
> E ficamos nós sós
> sin o Mar e sin o barco
> nós.

Mais agora non estamos tan sós. Quedóu a sementeira.

Saudades de "Nós" e da Galiza

por HERNANI CIDADE

NÓS era bem nós, ou seja —transportando a expressão para a realidade do nosso convívio e da nossa língua— éramos bem nós, Galegos e Portugueses, reunidos numa fraternidade fundamental, ao calor dessa lareira espiritual que para todos nós era a revista assim chamada. Que fácilmente ela nos reconstituía em tempos mais antigos, quando o Minho não nos separava mais do que ainda hoje separa as aves que voam, libérrimas, de margem para margem, e numa ou noutra, ao acaso, fazem seu ninho.

Separou-nos, porém, o destino. O individualismo medievo criou para os homens de Aquém-Minho um centro de atracção e de irradiação diferente do centro que aos de Além-Minho atraía á sua simpatia ou sujeitava ao seu mando. O nosso foi, primeiro, Guimarães; mas a conquista estendeu-se para o Sul e não tardou que tal centro passasse a Lisboa, e eis se nos rasgam outras perspectivas. Outras ambições nos agitam a vida, outra fé nos alevanta a alma. Dentro de pouco, é o Tenebroso que abre à audácia dos nautas ilhas e continentes distantes, onde pusemos o fulcro da nossa alavanca de poder, as condições materiais e os estímulos espirituais da nossa autonomia, a raiz do orgulho que nutria as velhas energias, tanto como as esperanças novíssimas.

Foi diferente o vosso destino. Poupou-vos Deus à **inquietação da alma e da vida** que o Adamastor ameaçou com **naufrágios, perdições de toda a sorte, que o menor mal de todos fosse a morte** —ameaça que foi cumprindo ao longo dos séculos. O mar, pacificado e em êxtasi nas vossas rias, tomou a doçura dos vossos rios e espalha nas vossas paisagens os idílios de que o lirismo de vossa Rosalia ainda con-

serva e transmite a frescura e o cheiro da terra estival que a chuva molhou.

Nós gostávamos de gozar em **NÓS** essa frescura e esse cheiro, na aridez cada vez mais ressequida pelos frios ares que sopravam lá de fora. Mantinha-se vivaz a lírica emotividade herdada e pessoal, tanto mais fácilmente quanto os mais novos andávamos pelos trinta anos, a idade em que as saudades do passado ainda se misturam com as certezas do presente e as esperanças do futuro.

Por essa altura, ou seja, na minha primeira fase de professorado universitário, logo que, regressado do cativeiro da Alemanha, bruscamente transitei do Liceu da lírica cidade de Leiria para a trepidante cidade do Porto, encontrava-me com Leonardo Coimbra na direcção da revista da Renascença Portuguesa —a "Águia"—, quando ali acolhemos a Vicente Risco e Noriega Varela. Em 1932, feito concurso para a Faculdade de Letras de Lisboa, não tardou que fosse enviado como professor visitante para a Universidade de Compostela, onde me foi dado mais íntimamente me aproximar de alguns galegos notáveis. Lembro sobretudo uma sessão de propaganda regionalista no teatro da cidade, onde falaran Las Casas, Otero Pedrayo e Castelao. Todos oradores notáveis. Las Casas de vibração mais moderada e de fôlego mais modesto, posto que fluente e correctíssimo. Otero caudaloso e florido, como río descendo entre o viço das margens e o rumor dos pinhais; mas Castelao singularizava-se por uma eloquência vinda máis do fundo da alma, que lhe dava à voz ressonâncias dum excepcional poder de comunicação comovedora. Quanto dizia parecia inspirado por fluido transcendente, que diríamos a própria alma da Terra-Mãe em sua melancólica doçura. Em certo momento do discurso ressoou o carrilhão da catedral. Eram velhas toadas que vinham de séculos de distância e a intuição artística do orador e sobretudo, a sua emotividade religiosa, logo as incorporaram no seu discorrer, tornaram oportuna expressão do seu falar. Foi uma inaudita harmonia em que o divino e o humano conviviam em seu incomparável poder de sugestividade!

Vi, bem mais tarde, já depois da sua morte, uma carta dele dirigida, não tanto aos Portugueses, como a Portugal. ¡Que profunda e comunicativa tristeza! A tristeza pessoal de quem sente, no coração, a voz melancólica dum amigo admirado e querido dizendo as palavras da despedida en mágoa irremediável e a tristeza colectiva de quem sentia o profundo pesar de que, no momento, não fôssemos suficientemente separados, para podermos ser mais livremente cristãos.

Compría relembrarse...

por EVARISTO CORREA CALDERÓN

Compría relembrarse de que fai meio século que aparescéu o primeiro número da revista NÓS, a millor de cantas en galego se fixeron, e a Real Academia Gallega faino puntual e compridamentes.

A revista respondía a un anceio e a unha necesidade xeneral. O seu mesmo tiduo viña dar fe dun rexurdimento inteleitual, dunha nova primaveira do esprito na Galicia de estoncias.

Dende a Idade Meia cos *Cancioeiros* e do século dezanove coa *Cova céltica* e a *Biblioteca Galega* de Martínez Salazar e os nosos grandes primates da poesía, da narrativa e da historia —Pondal, Añón, Rosalía, Curros, López Ferreiro, Murguía— non había volto a ter Galicia nin poder amosar unha xuntanza de escritores de tanta calidade universal como os que faguían NÓS, calidade universal polo mesmo que tiñan arraigada a súa orixinalidade no *humus* fondísimo da terra en que naceron. Foi unha xeneración dunha forza e persoalidade esceicionais. Abonda recordar os nomes de quenes a compoñían, e que poideran representar o mellor de cada especie entre os creadores literarios do seu tempo na Península e fora dela, se houbesen escrito en castelán,

catalán ou francés, e non preferisen facelo na homilde língua da súa terra. Felís o que agora, ao cabo dos cincuenta anos pode percorrer as páxinas dunha colección compreta de NÓS. Alí verá os traballos de Vicente Risco, aquíl home xenial, pequeno de corpo e grande de esforzo, que foi a alma da revista sobre os máis varios temas, viaxes, ensaios, etnografía, sempre con inxenio e profundidade; os de Ramón Otero Pedrayo, gran novelista e sempre prosista elegantísimo, o único supervivinte do grupo —e que o seña por muitos anos—; os de Florentino López Cuevillas, prehistoriador de primeirísima categoría, como puideran selo Bosch Gimpera ou Pericot; os dibuxos e cabeceiras de Castelao, e máis Ramón Cabanillas, o alto poeta, e co iles, e ao redor diles, cantos vellos e novos, que aló polos anos vinte e pique tiñan algo que contar, cantar ou dicir con perfeción e fermosura na língua galega.

Mentras "A Nosa Terra", a revista que na Cruña dirixía Antón Vilar Ponte, poñía nas súas páxinas unha intención política, panfletaria, coido que NÓS pretendéu máis que outra cousa calquera, ser unha antoloxía de todos os xéneros literarios, unha mostra da cultura galega do seu tempo, o que quizaves nos obrigue calquer día a ter que reproducila en facsímil pra insiño das novas xeneracións tan esquecidas de tudo o que non seia de hoxe ou de antonte.

Agardando "Nós"

por ALVARO CUNQUEIRO

Eu saía da botica de meu pai, pasaba por diante da Catedral, e encamiñábame a Correos, rubindo pola vella rúa das Angustias, que despóis se chamará, co vento do XIX, *calle de la Libertad*. Eu iba a preguntarlle a un amigo de meu, carteiro, si chegara o tan agardado novo número de NÓS. E algunha vez chegaba. E entón eu baixaba ate a miña casa, folleando a revista, léndo ou facendo que leía. E o caso é que eu maxinaba, con NÓS nas mans, que eu era daquela diferente a todos aqués cos que me cruzaba. Quén que non fora eu leía en Mondoñedo a tradución que don Vicente Risco facía do "Leabhar Gabhala"? Quén sabía que non fora eu quenes tiñan sido os fillos de Mil, que eu escoitaba falar na Recadieira? Un día calisquer, dende a galería da miña casa, ollando o val, o couto de Outeiro, o monte Padornelo, tendo nas mans un número de NÓS, un número con cousas de Otero Pedrayo, de Risco, de Castelao, un poema de Cabanillas, eu díxenme a min mesmo que eu era alí o único dono de Galicia, o único dono que Galicia, a fala, a historia, a terra e os mortos, e o fado e o destino, tiñan en Mondoñedo. Houbera quizaves outros poseedores, Leiras Pulpeiro, Pascual Veiga, Noriega Varela, pro, sabíano, decatáranse de que cun soio movimento do esprito podíanse facer donos de tal tesouro? Sei que foi nunha serán, cáseque á hora xa de entre lusco e fusco. Foi ao tempo unha grande presa e unha revelación. E púxenme a andar. Tiven que sair da casa e botarme a andar, pola rúa de San Roque deica aos Muiños, deica a ponte do Pasatempo, célebre na xornada da degolación do Mariscal... Atopoume a noite pisando as pedras fadigadas da calzada román que rube ao alto de Lindín, ollando enfornar a obra a un cazoleiro... Era o "tour du propietaire". Aquelo era soio de meu, porque eu era o úneco que axuntaba todo, a forma da cunca e as verbas da miña fala anterga, o cantar do río e a lenta marcha dos bois que tiraban do carro carregado de lousa... Podería encher varias páxinas co inventario das fincas da miña alma. Eu era o príncipe, e tiña concencia de que me era dado, dende aquel intre mesmo, o coñecimento fermoso e terríbel da verdadeira patria. Din que o rei de Francia sabía o nome segredo do seu reino, e que lle pasaba, non se sabe ben cómo, a verba cáseque

sacra, ao delfín, cando se poñía a morrer. E entón o delfín pasaba a ser o dono único e soberán, porque era o único que sabía o nome de Francia, aloumiñar a Francia co seu verdadeiro nome. Algo así me pasaba a min, e eu tiña unha lexitimidade de posesión, estaba no segredo.

Agora que vai ún nos sesenta cumpridos, e que súpetamente se decata de que está xa de volta polo camiño que atravesóu a selva, procura acraracións e xustificacións nas lembranzas. Por iso eu cheguéi a ista hora de cando agardaba NÓS, e como me axudóu a revista nas miñas descubertas. Eu non é que fale de "conversión" senón de "invención", e as luces que se acendían en min eran o mapa de Fontán, en cadriños, no patio do Instituto de Lugo, e NÓS, e entón eu "vía"...

E baixando de Correos, pola praza maior, á Fonte Vella, con NÓS na man, eu debía ser coma ún daqués "portadores de Linternas" de Stevenson. Aqués nenos que ataran unha pequena linterna de gas ao cinto, e cando se atopaban, desabotonaban o capote, e amosábanse os úns aos outros as linternas acesas, parpadeando na noite chuviosa. Era unha fermosa cofradía. Eu véxome desabotonando a impermeable de escraviña dos meus doce anos, pra amosar a outro o NÓS, que levaba escusado debaixo, agardando que el fixera o mesmo... Autodidactos todos na tarefa chamada Galicia, NÓS era coma o mestre que chegaba de cando en vez á miña cidade pra pórme temas, e correxir as miñas planas, cheas de borróns e de amor, traballos de amor endexamáis perdidos.

¿Qué queda daquelo?

por FELIPE FERNÁNDEZ ARMESTO

¿Foi fai cincoenta anos ou foi onte? Florentino Cuevillas, que nos daba clase de historia no colexio que Luis Fernández Cid tiña nunha das casas decimonónicas máis fermosas de Ourense, casi frente ao Instituto, na calle do Padre Feijóo, pedíu voluntarios pra enfaixar e porlle a dirección "a unha revista nova que hai que mandar aos suscritores". A casa onde a revista, en montós no chau, nos esperaba era a de Arturo Noguerol que, si non me lembro mal, vivía á outra beira da calle, ao pe da Trinidá. Cos seus ollos pasmados e cansos tras das gafas, enmarcadas en plata, Noguerol esplicóunos cómo había que copiar dunha libretiña con forro negro, as direccións que estaban escritas cunha letra moi neta, escribilas na faixa e despóis de doblala ao medio meter na faixa a revista. A revista era **NÓS** e a min, ao vela por primeira vez, producíume a impresión de que fose algo indio e misterioso. Cando aos dous ou tres días lín, por casualidade, unha gacetilla nun xornal, que me parece que era "El Sol" de Madrid ou quizáis "El Imparcial", onde se lle adicaban grandes eloxios a **NÓS** e se decía, pouco máis ou menos, que o seu propósito era sacar a cultura galega do esquecimento, eu sentinme moi ledo e algo importante.

Pero, ¿foi onte ou foi fai cincoenta anos?

Si ún follea oxe a colección de **NÓS** e sobre todo os primeiros números hasta a suspensión temporal nos tempos da dictadura de Primo de Rivera, o que máis lle sorprende a ún son os grandes recursos anímicos, culturais, imaxinativos e o poderoso anceio renovador que latexaba naquel Ourense tan xunguido ao meu despertar ao mundo e que visto por fora, parescía tan indolente, compracido consigo mesmo, lacazán e despreocupado. Por fora, aquil Ourense, onde se fixo e aparecéu **NÓS**, era ainda o Ourense do século dezanove, modificado soio polas fortunas que a guerra mundial espallara na Carretera do Progreso. Por dentro, tal e como agora se conserva e se delata nas planas de **NÓS**, naquel Ourense do "Club", do "Café Royalty", do "Hotel Miño", ao que Basilio Alvarez lle pegara, coas "sociedades agrarias", a primeira sacudida forte dende os "irmandiños", gardaba alentos e insospeitadas e profundas inquietudes que, ao través de misteriosos fios espirituáis,

uníanse ao despertar de Portugal, aos anceios catalás ou vascos, á erupción dos ecos ecuménicos de París; e Ourense foi aqueles anos, pouquiños anos, como a crisálida dunha Galicia nova e universal. ¿Qué queda daquelo? Polo menos queda o feixe de **NÓS,** pálido pero inmorescente.

"Nós" nacéu na Cruña

por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Quixera ter tempo, pois azos non me fallan, pra enxergar unhas páxinas encol do moito e bó que os que eramos mozos aló polos anos vinte debemos á esgrevia xeración que agora festexamos. Pro teño que me cinguir, en poucas verbas, a lembrarvos un feito esquecido e que coido diño de sere engadido, á hestoria do "Boletín" que deu nome ao xuntoiro e que levóu a voz da nosa cultura e máis de quince vizosas anadas.

Voume referir ao escomenzo. Dise sempre que NÓS xurdíu en Ourense no outono de 1920. É mester adiantar a data en dous anos e poñer os primeiros pasos na Cruña, porque denantes de sair como revista senlleira foi páxina de xornal, "El Noroeste", nun intre en que collían novo pulo as ideias do rexurdir galego. Foi entón a modo dos vellos folletóns e das "Bibliotecas" dos periódicos que tanta sona e proveito deron ás nosas letras; lembrade o "Álbum de El Miño" entre tantas precursións das que logo foron "Hojas Literarias", ou "Suplementos".

Nas follas de "NÓS. Páxinas Galegas do Diario da Cruña El Noroeste", escribiron moitos dos homes que logo darían vida ao "Boletín Mensual da Cultura Galega" que comenzaría a imprentarse en Ourense e sempre levaría o nome da vila, devanceira en tantos camiños. Alí se fixo nos talleres de "La Región", dende o 1920 ao 1923, alí seguíu dirixíndose anque pasase a tirarse nos de Poza en Pontevedra, deica o 1925; o número do día de Santiago dese ano foi o primeiro que saíu da Cruña, no "Lar", fundada por Carré e Casal. Cando éste marchóu a Santiago e a oficiña pasóu a se chamare "Imprenta Nós", nela foi composta, dendes do número de febreiro de 1931 deica o derradeiro, maio-xunio, 1935.

Castelao dibuxóu a cabeceira pra o "Nós" coruñés do "Noroeste". A letra do tiduo é a mesma; a predella ten os monstros do Pórtico de Mateu, que encabezaran tamén a primeira páxina do NÓS ourensán, onde se leen unhas "Primeiras Verbas" que siguen sendo hoxe, ao cabo dos anos, guieiro pra un encontro de cantos, nos máis arredados carreiros, queran traballar polo ben de Galicia. Se na nova cabeceira o grande artista puxera os gurumantes vistos de lado, a seguir, no encabezado do primeiro artigo de Vicente Risco, amostraba a visión frontal. As olladas do deseño de 1918 virían tamén a se xuntar eiquí. Era como unha chamada á visión total e tamén a unha continuidade, tan traballosas de outer na nosa terra.

Coido que conviría pubricar o sumario desas páxinas de "El Noroeste", de fonda e curta vida. Alí atoparedes ensinios dos vellos, páxinas esquecidas e nomes novos. Alí tedes unha reedición do "Catecismo do Labrego" que, por tempos que pasen, sigue sendo dianteiro antre os libros que mercan, e que mercando, leen os galegos. O vello Lamas, ca súa ourensán sornamorna, está alí, coma vedraño petrucio que se gaba, ledo, das súas vizosas leiras.

Baril sementeira a de NÓS que, pra seren en todo galego, foi xermolado nun canto, inzóu noutro, imprentóuse aquí e acolá, espallóu perto e lonxe o falar desa cidade do esprito que chamamos Galicia.

Do "Catecismo do labrego"

de Valoutín Lamas Carvajal

PRIMEIRA PARTE

(CONCRUSION)

P.—¿Qué cousa é estar sentado â direita do señor Alcalde?

R.—Ter cuasementes o seu anaquiño de mando, poder turrar da corda pr'os amigos, facer toda caste de falcatrúas ôs contrarios, remexer nas trécolas do Concello, e sacarlle sustancia á todol'os negocios que lle pasan pol-a mau.

—P.—¿Qué creedes cando dicides que hay Concello?

R.—Que hay alí unha ducia de lampantís dos que non se pode agardar nada bô; xente que cando se xunta non pensa máis qu'en espremernos o xugo, en sacarnos os cartos pros consumos e os fillos pra a guerra; en facernos traballar por prestación nos camiños que van direitos âs suas casas; en quitarnos o voto e darnos a cédula persoal; espritus malinos que lle fan mal de ollo âs pitas do noso corral e ôs porcos do noso cortello; que cando s'axuntan é o mesmo que si s'escornaran duas nubes de pedrisco sobre os nosos eidos, e cando se soparan e pasan por diante de nôs hay que facerlles a cruz com'ô demo e sacárlles a monteira como os fidalgos.

P.—¿Ademais do que levades dito, creedes outras cousas?

R.—Sí, paidre, porque todo o que se dí de esa xentiña é pouco.

P.—¿Qué cousas son esas?

R.—Iso non mo preguntedes á min que non podrei contestalo por mor da curia que, como o zorro coas galiñas, ándanos ganando as voltas pra poñernos â sombra.

M.—Facedes ben en calarvos, por que en boca pechada non entran moscas, e o bô calar chámanlle labrego.

* * *

Morrer en brando leito,
entre molentes brondas,
rodeados de amigos,
que o pracer nos recordan;
de tímidas doncelas,
imbeles e chorosas,
que pra maior dozura,
no nosa última hora,
ó redor de nós ceiben
lirios e brandas rosas;
certo á desparecer cal virxe tímida,
braudameute e sin groria.

Oh, quen morrer poidera
como o forte Léonidas,
envolto en duro ferro
n-outras rudas Termópilas,
por unha patria escura
de escravos e de ilotas,
e deixar, cal cometa,
longo rastro de groria!
E caira, non prono,
coa faz â terra volta,
mais ás turmas conversa,
audaz e maizosa;
Ainda apreixando o rutilante ferro
que verte gota á gota!

De modo que o viandante,
vendo con gran zozobra,
cubrir a dura terra
a cinza poderosa,
dixera con espanto:—Certamente
este era grande cousa!

† Eduardo Pondal.

GLOSA

¡Quén soupera morrer!

... ... Certamente
este era grande cousa!
E. Pondal.

Ou, homes afemiados que partidel-o cabelo ollando pra o espello cal pra o mellor ami-

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBRICACIÓS "NÓS,,

Ano I Ourense 30 Outono 1920 Núm. 1

PRIMEIRAS VERBAS

Pra ledicia de todos e pra enseño de moitos, sai oxe Nós.

É a ansia qu' oxe sinte Galizia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrente, a evidencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e no xenio da nósa Raza, e mais na eficacia do nóso esforzo pra levala ó acomprimento do seu fado groriosо. Oxe chegou á vida na nósa Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nósa autividade creadora. Nós *ven a recoller todos ises esforzos d' integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo.*

Os colaboradores de Nós *poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; pódense pór en calquera das posiciós posibles respeito das catro antinomias da mente contemporánea: poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo coleitivo de superación, a orgulosa satisfaición de seren galegos.*

Nos *ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade, de todol-os*

(PÁXINA INICIAL DO PRIMEIRO NÚMERO DE "NÓS")

BIBLIOTECA PROVINCIAL

O SENTIMENTO DA TERRA

NA RAZA GALEGA

I

Airiños, airiños, aires,
Airiños da miña terra,
Airiños, airiños, aires,
Airiños levaime a ela.

(Cántiga popular)

Calquera que se poña a estudial-a nósa produción espirtual galega, non pode por menos de se decatare d'unha nota que, d'un xeito ou d'outro, repétese n-ela costantemente. E, mais do que un leit-motiv, o fundo mesmo de todol-os pensamentos e de todolos sentimentos da y-alma galega. E como a nota grave, sostida, monótona do ronco, sobre da que se deseñan logo os sinxelos arabescos da gaita... Y-esta nota, que é a nota *tónica* da afeutividade da nósa raza, a forma propria da nósa saudade, é o sentimento relixioso da Terra. Sentimento esencial do lirismo nóso; sentimento que na poesía galega, chega, volta por volta, ós acentos arroubados da místeca, ós delirios da paixón erótica, ós desolamentos da mais dórida elexía...

Ouvide a Rosalía desterrada, ferida de morriña, pidir ós *airiños aires* que a trayan á nósa terra. Ela dí, consumida coa febre:

Sin ela vivir non podo,
Non podo vivir contenta,
Qu'adonde queira que vaya
Cróbeme unha soombra espesa
Cróbeme unha espesa nube
Tal preñada de tormentas,
Tal de soidás preñada,
Qu' a miña vida envenena.
. . . . . .
Si non me levás, airiños.
Quisais xa non me conesan,
Qu' a febre que de min come
Vaime consumindo lenta,
E no meu corazonciño
Tamén treidora se ceiba.
. . . . . .
Non permitás qu' aquí morra,
Airiños da miña terra,
Qu' ainda penso que de morta
Hei de sospirar por ela.

Ouvide a Lamas Carvajal que, cego e triste, garda na sua y-alma a lembranza da nosa Terra meiga cuyos feitizos foran outrora ledicia dos seus ollos:

Non sei qu' encantamento
que amor, que poesía,
ten este chau garrido,
a terra onde nacín;
n-as alboradas ledas,
n-as noites e n-o día,
terás sempre feitizos,
grorias e luz pra mín.

Seu nome deprendino
de neno con dilicia,
direino mentras viva
c' o fogo da pasión;
cando a morrer eu vaya,
o nome de Galicia
direino misturado
c' o nome do meu Dios.

Amor grande, subrime
qu' o corazón encerra,
tesouro d' infinitos
recordos e pracer;
encantamento dolce,
o amor da nósa terra
decote con nosoutros
camiña hastra morrer.

Fai medio século, o movimento "Nós"

por ÁNXEL FOLE SÁNCHEZ

O derradeiro mes de outono cumpríuse o medio século da aparición do primeiro número da revista **NÓS,** cuia vida chegóu hastra o trinta e seis.

O ano vinte foi ano de grandes sucesos. A verba "bolchevique" estaba de estreno. Novas nacións apareceran no mapa de Europa, con nomes que non había máis remedio que ir acostumándose a pronunciar. Logo aparecéu a verba "fascismo". Os novos escritores falaban moito de "vanguardismo".

Se os tempos eran revoltos fora de España tamén o eran drento. Moitas folgas e moitos atentados. Estoupaban as bombas dos anarquistas en Barcelona e na Cruña. Gobernaba en España Eduardo Dato, a quen as balas dos anarquistas segarían a vida dous meses e días despóis de rematar o ano.

No mes de outono daquil ano aparece a revista **NÓS,** que había deixar rastro na nosa cultura.

O feito non transcendéu de certas minorías inteleituais. Cuasemente se a Prensa daquela lle adicóu algunha atención. Mais os cinco centos exemplares da revista serían leídos por moitas promocións de inteleituais nos anos seguideiros.

A uns e outros parecíalles moi ben que a revista estivese, toda ela, escrita en galego, e que fose minoritaria. E millor que nada parecéulles o tídoo de **NÓS,** que por il soilo decía tanto e tanto.

NÓS era "o noso" i o noso debía de ire adiante de todo. Todo bon galego debía se considerar comprometido ca terra onde nacera. Pouco a pouco aquil Movemento de un feixe de inteleituais foi chamando ás concencias dos millores galegos, facéndose máis coordinado e teimudo, creando concencia da nosa condición de galegos.

De primeiro, cinguíndose ao noso arte e máis á nosa literatura, foi acabando con aquil "paonismo", tan vilego, de que un libro ou cadro galego non eran nada se non eran coñecidos máis alá de Villafranca.

Á volta duns anos houbo que ademitire, poñamos por caso, que o poeta Pondal era tan bon como os bos que escribían en castelán nos seus anos, que Alfonso Castelao (que lle dira nome á revista) era un dos millores humoristas europeos.

Despóis de **NÓS** non fai falla levar os nosos libros a Madrid pra que lles poñan o cuño de validez.

O chamado Movemento **NÓS** ben merece, certo, e ben certo, unha longa meditación.

Lembranza de unha xeneración

por ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Encontro e descuberta fan lembrar recantos e vivencias de un tempo que pasóu fai algúns anos, dos que xa quedan papeles pra facer historia, pra escodriñar un relatoiro de cada un dos testigos de tan venturoso pasado. No mes de outono de 1922, xa facía dous anos que saira o primeiro número de NÓS; eu merquéi en Pontevedra dous números de "Alborada" e "Un ollo de vidro" por Castelao, da colección "Céltiga". Alborada era nome de ledicia, de festa, e un fora adicado ao Día de Galicia. Fixen a miña descuberta nos dibuxos e reparéi nos decires de cada un dos escritores.

Busquéi afincamento no garbo popular da poesía de Cabanillas e dei moitas voltas ao cego de Castelao. Aquel home era, non cabía dúbida, un dos cegos da ponte que lle escoitaran decir que non quería a vista nin por dous cartos. Dende entonces parecíame que a súa vida

era moito máis levadeira do que pensaba a maor parte da xente. Pra min o cego, máis cego, era o Maripepo que tiña que andar de lugar en lugar, pra vivir cada día. Os demáis eran como o que conta Castelao: "O probe cego non se farta de loubar as vexigas que lle concederon unha *carreira* de cego, máis farturenta que a do seu irmán labrego e xordo".

Iste ano tiña clase con Antonio Losada Diéguez, de Psicoloxía e Lóxica, por eso me agradaba buscar cousas afíns nos "Camiñantes", obra da súa autoria. Detíñame nesta pasaxe: "Un escurecer ó sair da casiña, á sombra dun parral o cabaleiro topóu a Dosinda que voltaba do traballo. Estalóu un bico, a nena berróu, fuxíu e no colo da aboa desfíxose en bágoas que non limparon o bico da lesma. I eisí, estalóu o trono enriba do niño, sobre os paxariños". Na casa de Sebastián González, a nosa tertulia de rapaces discutía destes escritos; eu contaba a historia de Florentina a quen pasado algún tempo adicaríalle Castelao o segundo Libro de "Cousas" con istas verbas: "A Florentina, rapaza que morréu de amor na feligresía de Loureiro".

Un terceiro nome: Luis Amado Carballo. Eu víao e escoitaba a súa conversa co revisor dos coches da empresa "El Águila", que saía do Gran Garaxe. Era un rapaz sinxelo e de pouca saúde, percuraba escudriñar compoñendas de pousadas, arranxos de viaxes e compaña de viaxeiros. Nunca faléi con él e penso que nos sentiamos amigos por istas xuntanzas no garaxe; por ista razón gustaríame facer de novo o corro da fogueira de San Xoan onde a veu él: "á beira do río Lerceiro, nunha pranicie da carballeira".

No Circo das Palmeiras escoitéi a Valentín Paz Andrade por primeira vez, planteóu problemas e propuxo solucións; entranto faciamos máis fondo o noso pensar e chegamos á Sociedade da Língua, sin saber que naqueles intres tíñase fundado o "Seminario de Estudos Galegos".

As rúas de Compostela acougan sempre nostalxias de amigos e pra min traían un sinxelo e morne lecer dos nosos pasatempos de Pontevedra. Un día iriamos nós tamén ao "Seminario" e unha mañán fría, e con raxeiradas, conocín a Otero Pedrayo, Floro Cuevillas e Vicente Risco. Foi no estudio de Camilo Díaz, na rúa das Hortas. Estaban facendo a recollida e tradución das Fontes pra a Historia de Galicia. Saudábanse entonces cos versos da Ora Marítima:

"Terrae patentis orbis effuse jacet,
Orbique rursus unda circumfunditur."

Eiquí está a onda do mar das fisterras atlánticas, as ondas de todos os tempos, dos poetas e dos barqueiros, dos santos, dos nosos santiños, Santiago, San Andrés, a Virxen da Barca e dos misterios que acougan nas furnas dos nosos promontoiros. Idealismo e realidade. Xurden hourizontes e paisaxes, lendas e cantigas e restos dos pucheiros esnaquizados do castro miñoto, que collen o camiño da investigación de don Ramón Otero, Vicente Risco e Floro Cuevillas. Non hai tempo que perder, o pasado vai camiño do futuro, non pode quedar remanso sin sementeira. Hai que acoller as inquedanzas no senso histórico de cada intre. O 25 de xulio de 1926, escribía Antonio Losada Diéguez: "É perciso decatarse fondamente de que rematóu unha época, y-estamos vivindo outra ben difrente. Non se pode esperar nunha volta o que foi, porque non pode vir endexamáis un tempo igual a outro tempo. Camiñar coa historia é camiñar coa vida y-a fecundidade da Tradición e do espirto da Pátrea está nese avantar de cada día e de cada hora".

Hai nas frondas do esprito un romanticismo de poetas e historiadores que vai ter o seu debido posto pra todos: Vicetto, Pastor Díaz, Pondal, Rosalía e as lendas castrexas; é preciso recoller todo; recoller a folla murcha que recibéu a luz do sol e a lentura da terra e foxe con senso monocorde do ruxir no camiño, quizáis vaian nela, rechouchíos de paxariños e as almiñas dunha lenda do Purgadoiro. Todo está medido, todo ten acougo, todo vai como fíos de néboa galgando nas costas do val; queda a paisaxe viva, a lenda

brilante e o misterio da noite alceso no faroliño dun cruceiro. E a luz, a luz pra nós, pra os camiñantes, pra os rapaces que andabamos no medio das xentes entre mestres e discípulos da xeneración NÓS.

Non somente unha relembranza ademirativa...

por AVELINO GOMEZ LEDO

Non somente unha relembranza ademirativa, senon tamén un outo exempro de ortodoxo e circio galeguismo débenos inspirar a conmemoración da revista **NÓS** no seu cincuentenario do primeiro número. Aquela pubricación foi coma un raiolar de espranzas. Homes cheos de nobres ideais, intelixencias esgrevias e vontades bariles, foron capaces de arrequentar e tirar unha revista, ben apresentada, de investigación seria, latexante de entusiamo, sin politiquerías baixas, nin clangores danosos. O gobernallo estaba en boas maus. Un recordo piedoso pra aquiles grandes e xenerosos, xa finados, os sabios Vicente Risco, López Cuevillas e Castelao.

Algúns artigos, algunhas versións crásicas, foron a miña cativa contribución.

A pesares de vivir en Madrid dende neno, o meu amor á terra e o coñecemento da súa historia literaria, foron a espora dos meus traballos, sin descoido e menoscabo dos deberes propios da eirexa de Deus á cal indinamente e con homildanza sirvo. O meu **hobby,** como se dí agora, foi a adicación, especialmente nos vraus pasados na terra, a esculcar tradicións, cantares, traducir os crásicos gregos e latinos, e afondar na historia da bisbarra chantadina, onde nacín. Eu vin daquela canto tiñamos que facer, pois cáseque todo canto se pubricaba —falo de aquelas quendas—, deixaba moito que desexar, ou eran traballos solitarios, e sin orde, cando non certa cras de literatura estouvada e aduviada con pemento picante. Dixérase que a maravillosa língoa galega non servía pra outra cousa. De eiquí que todos víramos con ledicia o xurdir de algúns mestres que birtaron o noso lingoaxe nos canles de unha maxestosa dinidade. A revista **NÓS,** contribuiu non pouco a isto, e ao frolecimento da renascencia da prosa e da poesía que hoxe ademiramos como un segundo renascimento.

Xa o grande Menéndez Pelayo, aló polo ano 1895, co gallo da edición das **Cantigas,** de Alfonso X o Sabio, feita pola Academia Española, deixóu dito, con verbas un tantiño duras: "Os rexionalistas galegos teñen moito que faceren cos seus renegos, cas súas investigacións de abolencia céltiga. Entretanto, os casteláns imprentáronlle as **Cantigas,** os italiáns os Cancioneiros, e é moi posibre que os rarísimos textos en prosa quédense eternamente inéditos, se algún francés ou alemán non os imprenta. Bon é o lirismo patriótico, pro conviría que á fé acompañasen as obras, e que non se quedase todo en farautas e gaguexadas de fragas druídicas e de castelos feudais, cando non en refugorio de maos versos ou de festas vrauceiras". (Artigo na "Ilustración Esp. e Americana".)

Craro é que anos dispoixa, o gran Martínez Salazar coa sua **Biblioteca gallega,** e a pubricación da **Crónica Troyana,** con outros máis, desmintiron **a posteriori** ise margaxento desafogo do Mestre quen, por certo, prometéralle a Salazar un prólogo que non chegóu a escreber pra a nosa disgracia, pois non dubido que sería maxistral, coma de quen coñecía fondamente e ademiraba os orixes antergos da nosa historia.

Recollamos o insino e o exempro de atales varóns. Ise sería o meirande homaxe á súa recordanza.



Un dos periodos máis vivos...

por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ

Un dos periodos máis vivos da cultura europea é o chamado "dentreguerras" na literatura xeral da Europa, que escomenza alá polo ano 1920, a pouco de finar a guerra mundial. Foi niste tempo cando, superado o estancamento que sufriron as letras europeas nos anos do conflicto armado, irrumpiron unha serie de correntes culturáis e estéticas (espresionismo e surrealismo) que se coñecen co nome de *vanguardismo*.

Unha das principáis aitividades dos renovadores da cultura e das letras foi a publicación de revistas, en torno das que se agruparon moitos diles, que tiveron unha gran influencia no desenrolo das novas ideias. Diste tempo a revista española máis coñecida é a *Revista de Occidente,* fundada en Madrid polo profesor de Metafísica daquela universidade Xosé Ortega y Gasset.

Galicia anticipóuse ás demáis rexións de España no movimento renovador, creando a revista vanguardista *Alfar,* na Cruña, que é un fito na historia do vanguardismo español e hispanoamericán, na que colaboraron as xentes máis notables do seu tempo, dende Neruda e Gómez de la Serna ao cubista Xoan Gris.

Mais istas novas correntes culturáis, como as do romanticismo a comenzos do século derradeiro, non se limitaron a traer novos horizontes de cara ao futuro sinon que ensinaron a abrilos de cara ao pasado. E Galicia tamén tomóu a dianteira niste camiño en que buscóu a súa auténtica persoalidade e a súa espresión cultural e artística que estaba necesitada de unha voz coleitiva.

Ista primeira voz coleitiva, dun fato de homes unidos no amor aceso a Galicia, escritores uns, historiadores outros, algúns diles artistas, foi a revista NÓS fundada en Ourense por Vicente Martínez-Risco, que soupo ser, dentro e fora da súa cátedra de historia, mestre das novas xeneracións galegas e guieiro da súa propia.

Si a faciana galega universalista europeizante, ollando o futuro, atopóu en *Alfar,* que aparecía no porto da Cruña, a súa máis feliz espresión, con NÓS, fundada en Ourense, por un profesor de historia, mostróu Galicia a súa outra faciana, de cara ao seu longo pasado, o pasado que se perde no infindo das tebras do misterio dos homes e dos pobos, dos derradeiros raigumes do caráiter.

Mais NÓS ollaba tamén o presente e o futuro pra que a cultura galega, que andaba en busca da súa espresión, atopara nas novas correntes culturáis a frescura e a vida necesarias para darlle novas formas artísticas e culturáis.

A historia de NÓS é a historia da gran xeneración galega que coincidéu ca chamada "*novecentista*" na historia da literatura española. É a xeneración de Otero Pedrayo, Vicente Martínez-Risco e Alfonso Rodríguez Castelao, pra citar só tres nomes coñecidos, a carón dos que se podían citar moitos outros. Un diles é o meu mestre Xoan Vicente Viqueira, filósofo e poeta, que me ensinóu a amar a filosofía e a Galicia ao mesmo tempo.

Mais NÓS non só foi a voz coleitiva disa gran xeneración galega senon tamén das novas: de poetas como Manuel Antonio e Amado Carballo, e de dibuxantes novos, como Alvaro Cebreiro e Luis Seoane; e con iles doutros moitos máis das novas xeneracións galegas.

E con istes escritores e artistas outro fato de homes galegos, máis calados, pra quen a laboura non é voz, máis colaboran en silencio a que se escoite a dos outros, pra ser como voz e Galicia a diles, que traballaron na administración da revista, vencendo as dificultades económicas ou axudando a vencelas. Un diles foi o derradeiro direitor, meu bon amigo Anxel Casal.

A herdanza que nos deixaron os homes que fundaron e colaboraron en NÓS, é unha das máis ricas da cultura galega. Gracias a iles a nosa língua, instrumento esencial da cultura galega, cobróu unha forza, unha beleza e unha dignidade artística, de que andaba moi necesitada. O galego deixóu de ser unha forma dialectal pra trocarse no que fora alá nos vellos tempos en que fora o instrumento da espresión lírica das Españas: nunha lingua de singular beleza e tamén de espresión cultural. Por iso foi a prosa, e nela o ensaio, máis cecáis que a narrativa, o xénero literario cultivado polas xentes de NÓS, fonte fresca da nova prosa galega.

Catro persoeiros do grupo "Nós"

por SALVADOR LORENZANA

O labor desenrolado en Galicia, na segunda década do século, polas chamadas "Irmandades da Fala", en orde ao revitalizamento da língua, compleméntase —nun xeito estritamente cultural— co que realizan os homes integrados no Grupo **NÓS.** Os membros dunhas e máis doutro, actuando na mesma liña de restauración galega, formaron o que poderíamos designar co nome de "Xeneración **NÓS".** A roita seguida polos diputados desta xeneración é unha roita de reencontro; e cando se dá o reencontro, prodúcese tamén a obra criadora na que todos colaboran.

A xeneración é amplamente espresiva nas súas inquedanzas esenciáis; e os seus compoñentes simultanéan o amor polas cousas da súa terra cunha ansia de horizontes universáis. Para xulgalos teremos que os medir pola outura das súas cobizas; porque, por primeira vez en Galicia, atopan a chave da medida do país, e saben medílo xustamente en función de algo universal, e non —como supuñeron algúns dos seus detractores— na medida das súas posicións de "campanario".

Todos os escritores desta xeneración manifestan a súa persoalidade e o seu esforzo cultural a traveso da revista **NÓS**, da Editorial do mesmo nome, e do "Seminario de Estudos Galegos". A aitividade literaria e pescudadora que desenvolven ofrece moitos aspeitos reveladores. A vivencia da paisaxe galega convírtese en imperativo patriótico. Estudan os costumes do pobo, as tradicións e a fala viva; mergullándose no noso plasma xerminativo, adeprenden do mundo popular. O testemuño visíbel da tradición histórica, a superficial tradición dos sucedos, sería a literatura; o signo da rexa tradición intra-histórica é a continuidade da língua. Sinten a visión estética da paisaxe e a rememoranza do pasado. Emocionándose pola súa terra, coñecen a vida do pobo, dexergando con intelixencia as vellas criacións artísticas e literarias do país. Cumpren unha misión que cada quén resolve de xeito peculiar; pero todos sinten que, a forza de se sentiren esencialmente galegos, conseguirán seren homes universáis e eternos.

Vicente Risco é o ideólogo da xeneración, que traballa denodadamente pola europeización da cultura galega. A súa actividade proteica exércese nos eidos máis diversos. As discipriñas históricas e pedagóxicas encamiñan a súa vontade intelectual. Os seus estudios sobre o celtismo apresentan notable interés; a sonada "Introducción a toda Estética futura" é un espresivo reflexo da súa rebeldía antiacadémica. E, ao marxe do ensaio, no que abre novos vieiros á cultura galega, revela tamén innegábel talento na literatura de creación. Hai que destacar, nembargante, unha faceta de valioso siñificado, na persoalidade de Risco: a súa aitividade de pescudador do mundo etnográfico. Preocupado con desaterrar e vitalizar os valores galegos, amecendo a tradición á novedade, adícase a investigar, na destilación do consuetudinario, o alento xerminal do espontáneo.

No mesmo plano no que Risco aparez como teorizador da súa xeneración, Ramón Otero Pedrayo xurde como a principal figura literaria e como o grande des-

BIBLIOTECA PROVINCIAL

frutador e intérprete da paisaxe. Dende a bela solaina da súa casa solarenga de Trasalba, adeprende a albiscar os horizontes do país natal, despóis de ter percorrido os múltiples camiños da cultura europea. Frecuenta as máis variegadas leituras e adéntrase, como escritor, por todas as vertentes literarias. Fai novela, teatro, ensalo e mesmo poesía. A súa dimensión nestas discipriñas, e como orador estraordinario, foi estudada amplamente e dende todos os ángulos posíbeles; mais na súa obra gaña particular relevo a interpretación das manifestacións históricas da evolución cultural. Ese seu traballo trascende, inclusivamente, de moitas páxinas da criación novelística. Tal é o caso, por exemplo, de "Devalar", novela histórico-cultural, cuio protagonista é Galicia: unha Galicia reflexada en formas naturáis e culturáis de vida, que nos revelan parte do curso da súa esistencia. E aínda o de outra novela —"Os camiños da vida"— por onde perpasa, en grande medida, a historia do país galego no século pasado.

Se Risco é o pensador e Otero Pedrayo o criador literario, Alfonso Rodríguez Castelao é o artista xenial. A alma de Galicia ten, de certo modo, a súa abreviatura escelsa na alma de Castelao, porque o galeguismo constitúe nel unha nota de profunda esencialidade. No conto, no teatro, no deseño humorístico, nas impresións de viaxe, nos traballos eruditos, o seu talento maniféstase en estreitísima comunión coa vida e co esprito do seu pobo. As prosas e os deseños que cría son síntese condensadas de estados de ánimo, polarizados en anédotas graciosas, cuia raizame se nutre do humus da máis seria categorización folklórica. Os libros de "Cousas", por exemplo, constitúen unha galería de cadros da vida contemporánea. E, na realidade, toda a obra de Castelao é iso. A vida popular de Galicia é sempre a materia dos seus traballos. Como poucas figuras literarias, penetra fondamente no esprito galego e logra unha visión do seu país, repasada ao mesmo tempo de fidelidade e orixinalidade. Con todo, Castelao é sustantivamente un artista. O seu lápiz revélase con frecuencia dramático e traduz sempre unha ironía superior. Traza riscos de forza agresiva, mais entibiada pola dozura da comprensión. Aborda o problema social e económico de Galicia con preciso patetismo; e todos os matices sicolóxicos da inquietude galega revélansenos vivos na acesa panorámica dos seus dibuxos.

En contraste coa persoalidade eminentemente criadora destas tres figuras, a de Florentino López Cuevillas distínguese pola vocación investigadora. Formado no estudo das cencias naturáis, emprendéu un traballo científicamente constructivo. Coas ténicas modernas encetóu o estudo da nosa prehistoria e o dos primeiros tempos da nosa cultura; crióu un ambente de pescuda e unha escola que segundóu e amplióu a súa tarefa. O estudo das orixes do pobo galego estaba por facer con seriedade, e a vida prehistórica mantíñase envolta en mesta escuridade. Foi debido a Cuevillas que a investigación do noso recuado pasado emprincipióu a se anovar axeitadamente. "A Edade do Ferro na Galiza" e "La civilización céltica en Galicia" son traballos fundamentáis que él incorporóu á obra da súa xeneración.

Os mebros da xeneración **NÓS** querían pra Galicia unha cultura de seu, produto verídico da súa alma orixinal. Por iso refugaban todo esprito de imitanza e só acollían a incorporación de cousas alleas de puro procedemento. Entendían que ser diferente era ser esistente. A idea allea debe ser coñecida e estimada, pero non imitada. Albiscaban, ao cabo, para Galicia este ideal: fundir a pecuiliaridade máis íntima da súa grei, coas adquisicións e os anceios máis vivos da cultura universal.

Lembranza

por URBANO LOSADA MARTÍNEZ

NÓS; entón, en Galicia, fai cincuenta anos, en menos letras non se podía decir máis. NÓS éramos poucos; casi cativos, pero cheos de luz e, poéticamente, con

"unha estrela na frente e no bico un cantar"; con firme vontade e un grande ideal: Galicia. Os da miña edade, iniciados e levados da man, polo camiño real, por mestres como Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Lugrís, Villar Ponte...; non puidemos pedir máis, a sorte víu sobre NÓS.

Despóis a Universidade, na que recibimos orientacións para non deixar de pensar sobor da problemática galega, do entón decano da Facultade de Direito Salvador Cabeza; e xunto a nós —entre outros— Filgueira Valverde, Bouza Brey, Tobío; e máis.

Tiñamos NÓS entón o chamado "Seminario de Estudos Galegos", con local na Universidade; divididos e conxuntamente se traballaba en seccións; eu en Bioloxía; estudiábase sobre os problemas que tiña planteados Galicia. Na beira de enfrente, "señoritos" que dedicábanse a criticar a quenes falábamos galego e o que —para iles— era pior, pensábamos en galego. Hoxe, ao paso de cincuenta anos, hai que perdoarlles aquel pecado; velos agora que non lles dá vergoña facer o que entón criticaban. Hoxe é máis sinxelo e...

NÓS tratábamos de procurar que a liviana semilla sembrada polos "Precursores" lograse dar froito; non tiñamos presa, sí, tesón. Hoxe, pra NÓS é ledicia lembrar aquiles tempos ("Irmandades da Fala", "Terra a Nosa"...); paresce ser que "os tempos son chegados".

A revista NÓS foi un cativo adianto do moito que entón habia que facer por e para Galicia. Seus poucos exemplares, —cento e pico—, sairon en procura de ir abrindo os ollos a máis de catro cegados polas tearañas do temor e do caciquismo entón reinante; por falta de escola e libertade económica.

Hoxe, despóis de cincuenta anos de pacente espera, xurde unha liviana raiola de mellor entendimento pra os problemas de Galicia. É preciso que NÓS cheguemos a ser TODOS.

Tense dito de cotío...

por RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

Tense dito de cotío, mais nunca dabondo, que a revista **NÓS** e o hoxe desaparecido **Seminario de Estudos Galegos** foron dous feitos culturais paralelos e complementarios na historia contemporánea de Galicia. Aquela rapazada universitaria dos anos vinte que traballaba en San Clemente baixo o guieiro de Cotarelo e Cabeza de León, reaxíu frente á xente de **Nós,** unha xeneración anterior a eles, de xeito —na terminoloxía de Ortega— aglutinante. O pensamento da mocedade encontróu nos homes de **NÓS** émulos e vieiros. Pra os que fundamos o **Seminario** cuase todos de menos de vinte anos naquel ano 1923, colaborar en **NÓS** supuña un trunfo intelectual. Por outro lado os que facían a revista pasaron axiña a chefiar moitas das seicións do **Seminario.** Houbo naqueles tempos da Dictadura un perfeito acordo antre aqueles dous grupos en col das direccións que debían rexer a política cultural da nosa terra. A posición crítica de algúns escritores da "vanguardia" —Dieste, Fernández Armesto, Correa Calderón antre outros— era máis que nada mostra da diferencia antre as súas actividades creadoras e as especulativas do grupo universitario. O caso de Xesús Bal, membro esgrevio daquela "vanguardia" literaria, formado no rigor das técnicas históricas e de musicoloxía máis esixentes da España de entón é o exempro máis craro da profunda unidade esencial das arelas daquel intre. A verdadeira escisión —parcial— tería lugar algúns anos máis tarde ca chegada da República, un afastamento motivado en gran parte por razóns estrictamente alleas aos nosos problemas e ás nosas xentes.

Lémbrome agora dunha visita singular ao **Seminario** no ano 1925. Traballábamos o Antón Fraguas e máis eu na biblioteca-museu nos baixos do vello Colexio de San

Clemente e por concesión da Sociedade Económica, cando vimos entrar antre don Salvador Cabeza de León e don Xoaquín Arias Sanjurjo ao inconfundible Francisco Cambó. Chegaron ao ficheiro e o gran político catalán foi axiña direito ás papeletas de Alfredo Brañas a quen sereamente recoñeceu coma unha das grandes influencias na súa formación política. O contraste antre a seria cortesía de Cabeza de León e a euforia dinámica de D. Xoaquín— grande protector do **Seminario,** modelo de fidalgos do espíritu, home ademirábel— enmarcaba a escea naquel solpor compostelán. Insinuóu do nSalvador, director naqueles intres do **Seminario,** a necesidade de soporte económico para as súas tarefas. Cambó escoitouna e virándose pra todos nós comentóu que moitas vegadas institucións como aquela espúñanse a desaparecer tan pronto como atopaban resoltos doadamente todos os problemas económicos. Cando volto os ollos a aqueles anos e me lembro das ilustres penurias do **Seminario** e de **NÓS** estóu por darlle a razón ao —irónicamente— grande filántropo catalán.

1918: NÓS

por XOSÉ NÚÑEZ BÚA

No Ourense da miña crianza e adolescencia, ao chegar a quinto ano do bachilerato, tocóume un profesor de filosofía aínda mozo: Antón Lousada Diéguez. Daquela os rapaces iamos ás clases por obriga e, algo do que nos ensinaban, adeprendiamos; mais da atraición polo saber, da arelanza espritoal, da guía pra o camiñar na vida, só conservo viva a lembranza das emocións inteleituáis, dos intreses culturáis, das inquedanzas sociáis que tencionaba espertar nos seus alunos o mestre de filosofía. Con falar sinxelo, léndonos bocados de libros que despóis emprestaba aos que llos pedían, propóndonos temas de redación sober cuestións da vida corrente, facéndonos buscar, por grupos, en clases práiticas que nos daba na biblioteca do Instituto, textos sober determinados temas, trataba de abalar o noso esprito e percuraba crear en nós o debezo da iniciativa propia, de nos empurrar a andar por nós mesmos. Lousada, máis que un informador, era un formador... Eu non adeprendín na súa clase moitas nocións de filosofía, pro a íl débolle o anceio que abrochóu en min de me pór no meu camiño, de me botar a camiñar cara un fito ideal.

Cando, adolescentes, rematamos os estudos do colexio de segundo ensino, a nosa formación inteleitual era ben cativa. Os mestres, fora de Lousada, na tiñan percurado. E non era porque non cadrasen profesores deixados. É que o sistema e a práitica do ensino eran só informativos. A esceición en España era o Instituto-Escuela da Institución Libre de Enseñanza... Rematado a bachilerato, por puro pálpito, non por vocación coscente, o mociño púñase a seguir estudos universitarios, sen outra angueira que ir pasando esamens e acadar a licenciatura pra poder facer oposicións. Craro, había escecións que son, precisamente, as que confirman a regra. Ourense, coma toda Galicia, era daquela pra os adolescentes e mozos un paraño espritoal.

Polo 16 ou 17 chegóu alí, cidade da súa nacencia, coma profesor de historia da Escola Normal, un home mozo de moito saber, un "novo", un neósofo, coma il se decía: Vicente Risco. Era un *inadaptatado* individualista, un centrífugo. Sedente xa, o contaito ca Terra, o anceio de dar ca esencia ética i estética do ser galego, trocóuno ao pouco tempo en centrípeto e gregario. Á súa beira foise formando un xuntoiro de mozos inteleituáis: Primitivo Sanxurxo, poeta, cosmólogo, cabalístico; Arturo Noguerol, abogado do trinque e dado á economía; Lousada, profesor de filosofía; Cuevillas, licenciado en Farmacia, profesión que non exercéu, aficionado á literatura e á historia. Tempo dempóis, Otero Pedrayo, Castelao, que vivía en Pontevedra, Villar Ponte e Viqueira, da Cruña.

No ano 1918, en novembro, nunha asambreia de Lugo, concretóuse nun manifesto - programa o pensamento político dise grupo reitor xeneracional. O movemento político da xeneración galega do 18 denominóuse Nazonalismo Galego. O seu teorizador foi Vicente Risco. A nominación trocóuse no 1931 simplemente pola de Galeguismo, pra non ser confundida co nazonalismo imperialista, agresivo, xenófobo, que xa andaba adoecido polo mundo.

O primitivo xuntoiro ourensán encetóu por airear inquedanzas puramente estéticas, avencellado por intreses de orden inteleitual (*La Centuria,* revista neosófica). Xa ao findar o ano 18 convírtese nun avencellamento patriótico, que lle díu dinamicidade, largueza, fondura, e sucesión. O pulo catequista do grupo atruxo ao seu seo a moitos mociños ourensáns (Montes, Fernández Mazas, Blanco Amor, Fernández-Oxea, Leuter, Delgado Gurriarán...), que gracias ao maxisterio exercido polos cabezaleiros do grupo (ao redor dunha mesa de café, da "camilla" de Risco, sentados á soma dun árbore, paseiando pola rúa ou polos camiños aldeáns, sen horario nin programa) soupeno porse en camiño de atopar o seu camiño.

Compre facer un estudo metódico, deica agora só abocetado, das xeneracións da Renacencia cultural galega, comprendendo tamén o pensamento político, manifestación principalísima da cultura dun pobo. Ise estudo hai que facelo de xeito integral, ao modo, poño por caso, de cómo inicialmente Azorín e dempóis Salinas, e máis téinicamente Jeschke, teñen estudado a xeneración española do 98. Haberá que estudar a estructura de cada unha, as súas creacións espirituáis, a súa xenealoxía, o linguaxe, o estilo; investigar o que de cada unha pasóu ás seguintes. Hai que formar a antoloxía de cada xeneración... Craro está que iso non é choio pra aficionados. Ten de facerse un estudo técnico. Eis unha tarefa pra un seminario de literatura galega.

No que vai de século, non hai dúbida que a xeneración máis caraiterizada é ista que se ten nomeado do 18 ou Xeneración "Nós". Nela danse nidiamente os factores xeneracionáis fixados polo alemán Petersen e dempóis polo francés Peyre, dous dos teorizantes de máis sona sober do tema; tamén por Ortega y Gasset. Todos os homes de isa xeneración, que aínda alenta, que ten vixencia, están empurrados pola mesma vocación, teñen vivencias culturáis comúns e unha teleoloxía ideal ben concreta.

O ordeamento metódico restaurador da nosa cultura débese máis que a naide aos homes do 18, que tiveron a súa espresión na revista NÓS, encetada o ano 1920 e rematada no 1935. O tíduo de aquil "boletín da cultura galega", está tomado do álbum homónimo de Castelao, esposto precisamentes no ano 1918. Aínda non se ten dito dabondo o que no espallamento da cultura galega se lle debe a isa revista, nembargantes todo o que ben se leva falado, v. gr., o moi documentado artigo de Salvador Lorenzana no núm. 7 de *Grial.*

De todos os merecementos que ten no seu haber a xeneración do 18, o meirande é o da fixación da prosa galega, mérito que se lle debe principalmente á revista NÓS, que someteu o idioma a un exercicio de espresión sen precedente ao transmitir feitos históricos, creacións e críticas literarias, ideias artísticas e centíficas, especulacións estéticas, cavilacións filosóficas, cun rigor espresivo, aínda que inevitabelmente anárquico na grafía, deica entón inédito na nosa Terra. Ate a Xeneración "Nós" non esistía unha prosa galega que merecese calificarse de artística. A dos Precursores, cando a empregaron, que foi pouco, era probe, insegura, dubitativa, sen gracia, desaxeitada. Denantes do 18 era en xeral dunha probeza franciscana. Co laborío literario dos redaitores e colaboradores da revista di-

rixida por Risco e Castelao, a prosa galega convírtese en axeitado meio literario pra poder espresar: en Risco unha teorización político-cultural e a sátira novelada da vida burguesa; en Castelao o dramático humorismo da vida cotiana e a crítica das novas correntes de arte; Otero plantea alí probremas xeográficos de Galicia totalmente novos, traduce por primeira vez en España capíduos do *Ulyses* de Joyce, escrito nun inglés que os mesmos ingleses non dixerían, ao mesmo tempo que escribe estampas do século XIX e interpreta a paisaxe cunha tal matización adxetival e cunha abondancia de imaxes que ninguén tiña acadado; Cuevillas, nas páxinas de cáseque todos os cento trinta e tantos números de NÓS, da conta das súas esproracións prehistóricas nun lésico rigurosamente científico, citando e traducindo de primeira man as fontes crásicas e estando ao día na bibliografía especializada... Podía facerse moi longa ista nota referíndome á aportación filolóxica de Cotarelo e de Couceiro, á folklórica e arqueolóxica de Bouza Brey, á erudición literaria de Filgueira, á catalogación arqueolóxica de Fernández-Oxea e Lourenzo Fernández, á poética de Cabanillas, Taibo, Blanco - Amor, Augusto Casas, Bernárdez, Carballo Calero... á musical de Quintanilla e de Bal, á económica de Noguerol e de Peña Novo, á estética de Montes... por nomear só, e de pasada, aos colaboradores principáis da revista.

O maxisterio dos homes de NÓS foi exemprar. Por il puxémonos en condicións de coñecer Galicia como ser vivo integral e aituante —non só como tradición arqueolóxica e museabre— en relación dende fai milenios con todo o mundo ocidental. E por riba de todo: adeprendimos a considerar a nosa Terra como unha patria, non como bocado dun Estado pintado no mapa de verde, bermello ou amarelo; non como unha partícula de territorio, senón como unha célula viva da universalidade.

No suco da revista "NÓS"

por RAMÓN OTERO PEDRAYO

Calcar os lindes e cadabullos do **NÓS** é procurare, nistes latexares de corazón apaixoado de lembranzas do outono, un antigo herdo de searas e bacelos, de hortas e xardíns, de eiras resoantes ás antigas mallas acompasadas de barudos homes, solainas agasalladas polos adeuses dos poentes, fondas carballeiras onde a temática das sazóns engaiola de repouso, ermanzas graves e soias agardadas pra as olímpicas do vento ceibo e tolo maorazgo das cósmicas risas e salaios; e aquil pazo dos señoríos do esprito en cuias sáas barrocas, cecáis ainda góticas e románticas, parolan con Rousseau e Alfieri, con Anthero e Tolstoi, os fidalgos criados na noite máxica de Prisciliano —son as estrelas, as almas traspostas dos mortos—, o mencer de Martin Codax —beira do mar a danza da morte invitando ao amor enxamáis satisfeito—, a risada soldadesca de Vasco da Ponte; no esmorecer das fogueiras do acampamento latexan os queridos xenios do fogar, o himno valente de Pondal cinguindo o ensoar dos castros bretemosos —todo o mundo é símbolo dunha Ilíada de liberdade e alén—, a saudade de Rosalía —todo o que nace neno ou rosa, fonte ou idea, frouma ou boíña arela seu prometido ceo—, a xustiza de Curros —cando a muiñeira compre seus degoiros de beleza e liberdade. **NÓS** recende como unha estaxe de moitas follateiras de outono, de moi outas ponlas descidas. **NÓS** é o campo de romaxe onde todos os bailes da vella Europa, dende o Cáucaso de Lermontoff deica a Escocia de Burns, son executados con amor pra a consagración da muñeira e da alborada donas da gracia alboradeira de primeira lus sobor dos agros e dos adeus da serán nos Obradoiros.

En **NÓS,** nas searas de fonda e silente terra matriarcal, nas saas e bibliotecas do pazo, de peneirado esprito de Europa, loce o machado prehistórico, mineral volto símbolo e guieiro de séculos e milenios, ecoa o canto nado da primeira emoción da natureza diante a noite e o mar, e a leenda onde o pobo garda aquil se descobrirse dos camiños e vieiros que levan aos homes, outravolta, á lumieira dos seus destiños. En **NÓS** frolez a aldea galega de raigaña afondida no roquedo do Cosmos desvelado e a frol sotil, doente, apaixoada da cultura occitánica, ainda epota de lus, do misterio eslavo, trasposto en bagullas de destiños camiñantes, do grave madurecer xermano en torres de pensamento cada serán aqueloutradas ao nacer as estrelas, da calada paixón celta espreitando na queda do día e o infindo mar de Oucidente o roteiro das almas. En **NÓS** avecíñase o verso latexante de morte e infindo de Anthero, a imensa risa orxiástica de Joyce, resolta en bagullas de imposible amor, a esculca dos pintores e poetas do Barrio Latino como a illada loita dos penitentes en prol dunha perfeición da ialma. O canto dos pobos e a empresa heroica dos grandes políticos. Tivo moito de sofrir Galicia pra que o seu ensoar amañecera. E foron homes bos e xenerosos quenes soupe-ron congregare niste "lucus" de piñeiros e magnolias de NÓS as arelanzas de Galicia, terra símbolo, virxe simbólica, cifra delorosa y espranzada do mundo vivindo cara a promesa da inmortalidade. E foron os primeiros Vicente Risco, profeso nos roteiros do alén; Castelao, dono das chaves da infinda tenrura e do infindo door; Lousada Diéguez, guieiro da ialma labrega en cuio amor foi criado; Villar Ponte, o dono do intre da corrente e a súa siñificanza; Arturo Noguerol, sempre cinguido á lei do antergo fogar... **NÓS** foi comprimento, pro ainda máis programa. Seu primeiro número brila na noite do tempo cun poema estelar de Teixeira de Pascoaes, e un inteiro programa de Vicente Risco. Ten decorrido meio século. O galego, língua pintoresca, volve a ser língua maxistral e litúrxica. Voltar a **NÓS** non é folgar na solaina e na umbría do pazo agasalleiro das lembranzas. Nas súas fontes cantiga a mañán e os vieiros por **NÓS** franqueados na touza, e os silencios estudosos autorizados pola súa lampada son os vieiros e os faros que han levar á Nosa Terra, proel das terras hispánicas e de Europa, ás outuras lumiosas, no confín dos tempos, sinalados polos poetas, como fito da historia.

Prefiguración da revista

por VALENTÍN PAZ ANDRADE

A máis vella lembranza que gardo da revista NÓS, é unha lembranza da primeira mocedade. Data dos días que antecederon ao lanzamento do primeiro número, no 30 de outono de 1920.

Castelao xa mandara dende Pontevedra as viñetas que tiñan de decorar as páxinas. Agora compuxera o dibuxo en coor "A Roda de San Xoan", que había de se montar fora de texto. Non quixo confialo ao correio, ou cavilóu outras razóns pra o levar persoalmente a Ourense, onde a cabeceira da revista radicaba. Antón Lousada Diéguez, como en tantas outras xeiras, foi seu acompañante. Eu, acompañante dos dous.

A redacción non tiña local autónomo. Funcionaba ou no despacho particular do direitor, ou nunha banda, máis ou menos recollida, do Bar Roma. Neste esceario foron aquelas xuntanzas inesquecentes.

Vicente Risco agardaba, esvaindo a figura tras dos anelos de carey das súas gafas. O direitor literario recibéu con ledicia a colaboración do direitor artístico. A "Roda de San Xoan", denantes de ser editada, dou a volta polas mans e alumiñóu os ollos de todos os compoñentes da tertulia.

Cecáis foi naquela noite cando a revista tomóu forma e se fixo corpo certo. A noite da prefiguración. Vicente Risco xa dera a derradeira man ás "Primeiras Verbas". Xa tiña na carteira o poema de Teixeira de Pascoaes adicado "aos jovens

poetas galegos". O mesmo que a traducción de Phileas Lebesgue, sin contar coas demáis colaboracións. O seu ensaio sobre "O sentimento da terra na raza galega", o artigo de Arturo Noguerol e o de Florentino L. Cuevillas.

De cantos asistíramos a aquela xuntanza, coido que somente sobrevivimos dous: Leuter González Salgado i eu. Os outros deixaron moito máis que unha memoria esgrevia no tarreo da cultura galega. Deixaron unha obra que se adiantóu ao seu tempo, feita con tan increible puxanza espritoal como tan escasa puxanza económica.

A revista NÓS foi o primeiro esforzo, con tema e sistema, que brilla na cultura galega novecentista. Supón a superación das limitacións e querencias tradicionais, para incorporar ao pais a cultura de Europa. Truxo a Galicia ares novos e un xeito solvente de rehabilitar a reconducir cara ao futuro o patrimonio do seu esprito.

A revista NÓS, ademáis, encabezóu un tempo que Galicia dende entonces vive cos ollos abertos. Aínda sendo órgao de minoría, contribuíu no seu intre a construir unha concencia social onde antes inzaban o mimetismo e o tópico.

E foi nas súas páxinas onde os primeiros trunfos da prosa moderna galega se conqueriron. A nobre tarefa de pór a lingua a xeito de servir o seu destiño social, despóis dos séculos escuros, adequiríu na revista NÓS os primeiros froitos duradeiros e lucidíos.

O meu relembro de "Nós"

por EMILIO PITA

Escribo istas liñas á beira do Riazor, nesta viaxe lóstrega pola Terra.

Dende a xanela a mar acariña os meus ollos. No fondal agroma o punteiro da cápsula da Torre de Hércules. Todo é para mín acougo e desacougo.

E relembro a **NÓS.** As xentes de **NÓS.** Xa son ausencia no Alén, Alfonso Castelao, Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Anxel Casal. Soio é presencia don Ramón Otero Pedrayo, ergueito como a Torre coruñesa.

A don Ramón entreguéi en Madrid, no ano 1913, con mans tremantes, un poema que eu arelaba pubricar na revista. Naquil entón tiña eu pouco máis de vinte anos, e para un poeta mozo era sono ensoñador aparescer cun versiño naquila primeira páxina que NÓS adicaba ás composicións poéticas. Aló soergueron os poemas xuveniles de Fermín Bouza Brey, Eduardo Blanco Amor, Augusto Casas, Ricardo Carballo Calero e tantos outros, endemáis dos poetas que chamaremos consagrados.

Don Ramón, coa súa bondade infinda, aprobóu o meu poema —era un romance—, e díxome que o entregara en Santiago a Anxel Casal. Casal doume a impresión que desconfiaba un pouco das miñas condicións literarias, pero o poema apareceu en **NÓS** no seguinte número, coa correspondente emoción e orgulo para mín, estados de ánimo que enxamáis esquecín.

Máis adiante pubriquéi novos traballos na revista inesquencibel, mais aquil primeiro tén unha lembranza inmorredoira.

Por aquiles tempos, ano 1931, bulían en Santiago as mocedades de Domingo García Sabell, Francisco Fernández del Riego, e Ricardo Carballo Calero. En Lugo, máis novo, Ramón Piñeiro. E lembro istes nomes, porque iles espallan agora dende "Grial" acarón doutros colaboradores, todo o valimento cultural galego que latexaba entón na revista que agora relembramos. Si **NÓS** foi guieiro, nesta cras de publicacións, "Grial" é continuidade no tempo dunha fonda laboura de raigaña que tanto ben fai á Nosa Terra.

Ben merez loubanza de todos nós, a resolución da "Real Academia Gallega", de celebrar iste acontecemento tan importante na historia da cultura galega, como é a aparición fai coarenta anos, da revista **NÓS**, fidel esprito dunha Galicia ventureira.

O índice de "NÓS"

por XOSÉ RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA

Durante o século XIX tíñase pubricado en Galicia varias revistas literarias e históricas, pro todas elas estaban escritas en castelán. Cando máis, néstas incruíanse, como apéndices, documentos diplomáticos da outa Edade Meia escritos en galego e aquélas insertaban poesías e algún que outro conto na fala vernácula.

Totalmente en galego somente se facían as revistas humorísticas, como "O tío Marcos da Portela". O noso idioma non estaba aínda madurecido pra empregalo en cousas máis serias ou podía que tamén os precursores non o considerasen útil máis que pra empresas poéticas. Non en balde pesaban riba dil cinco séculos de oficialidade do castelán que o deixaron convertido na língoa do pobo labrego e mariñán.

O século XIX e a súa mentalidade chegóu ata os comenzos da segunda década desta centuria na que vivimos. A Grande Guerra Europea do 1914 ao 1918 trouxo novos aires, espertóu novas arelas nos pobos oprimidos polos grandes imperios, rexurdiron países asoballados como Polonia, Checoeslovaquia, Yugoeslavia e ista resurreción política trouxo consigo o renacemento das falas respeutivas.

E foi niste intre cando no 30 de Outono do 1920 xurde **NÓS** recollendo as ideias da nova Europa saída do Ttratado de Versalles e presentado por Vicente Risco, como direitor; Arturo Noguerol, xerente; Xavier Prado **(Lameiro),** redator xefe; Xulio Gallego, segredario de redación, e como redatores: Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Lousada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo e Florentino L. Cuevillas.

NÓS é un feito novo na historia do rexurdimento galego. Deica entón o noso idioma era considerado como un dialecto rural impropio pra escribir outras cousas que non fosen poesías e contos humorísticos ou costumbristas.

NÓS recolléu a fala galega dos beizos do pobo e ergueuna aos niveles intelectuais aos que deica entón non tivera acollida. Dende o primeiro número **NÓS** sae á rúa falando galego, pro non un galego avulgarado e "chabacano", senón un galego limpo de lixos, anque basado na fala dos que a souperon conservar en tantos anos de discriminación lingüística. E na nova revista van aparecendo sucesivamente toda clas de estudios xeográficos, filosóficos, políticos, etnográficos, prehistóricos, etcétera. Tradúcense ao galego textos latinos, como o "¿Quod nihil scitur?", ou poesías francesas, italiás e doutros idiomas europeos e a nosa fala vaise revalorizando día a día dentro e fora da revista.

Digo dentro e fora da revista porque toda a documentación do réxime interno dela e a correspondencia escribíuse tamén na nosa fala, feito que compre destacar, porque o emprego do galego no xénero epistolar foi outro dos grandes logros da xeneración do **NÓS.**

Ao frentee de cada un dos números da revista, dende o primeiro deica o último, unha poesía saudaba aos leitores o que ao cabo dos dazaséis anos que durou **NÓS** danos unha nómina de noventa e tantos poetas.

E atergo con esto dos poetas ocúrreseme que o millor homenaxe que se lle podía facer á revista **NÓS,** no cincuentenario do seu nacemento, sería o de pubricar o índice compreto dela. Cónstame que hai quen o ten feito pra o seu uso particular, por números, por materias e por autores. Non coido que fose caro nin difícil o sacar un número máis de **NÓS ca súa enxebre** portada, deseñada por Castelao, e do seu mesmo tamaño, no que se incluise o índice devandito. En ningunha outra parte, millor que niste índice, se podería xuzgar a inxente laboura da revista, a abondosa colaboración que tivo dos intelectuais galegos e foráneos e o traballo xurdio dos creadores e fautores do **NÓS,** que sin axuda de ninguén e cuns medois precarios ati-

naron a facer a millor revista galega de todos os tempos.

Por outra parte un índice compreto de **NÓS** prestaría un gran servicio, non somentes aos leitores de **NÓS,** senón aos investigadores que queren consultar a colección e que tropezan con grandes e graves dificultás pra topar os datos que buscan. A ideia ahí fica. Sería ben que os que poden a recolleran sin mirar ao seu orixe nin se preocupar de quen a dá.

Em torno da revista "Nós"

por MANUEL RODRIGUES LAPA

Pode dizer-se que a velha afeição que nutro pela Galiza surgiu de duas circunstâncias fundamentais: a) a necessidade que senti de conhecer a sua antiga cultura, levado pelos meus estudos da poesia medieval portuguesa; b) e o incitamento que recebi dos homens que então se reuniam sob o estandarte da revista **NÓS,** para levarem a bom termo a recuperação cultural da Galiza. Possuo, quase completa, a colecção do prestigioso periódico, e já tenho cedido números em duplicado a amigos que desejam completar suas colecções. Na bibliografía cultural galega é hoje uma obra de leitura indispensável e original, por reunir em suas páginas a austeridade da matéria científica e as amenidades da beletrística; com evidente pendor, é certo, para o cultivo da etnografia e pre-história, então representadas, com afinco e bom método, por Vicente Risco, F. Cuevillas, J. Lorenzo e Bouza-Brey.

Mas a centelha que despertou o meu entusiasmo pela terra galega e a minha simpatia pelas suas gentes, foi o conhecimento que tive do album **NÓS** de Castelao. Um ano depois, em 20 de agosto de 1932, assisti á homenagem prestada ao grande galego na cidade de Lugo. Encantou-me á primeira vista e fomos depois amigos. Escrevi, logo a seguir, um artigo na "Seara Nova" sobre o album, que a revista NÓS reproduziu no seu número 105, de 15 de setembro de 1932. E nunca mais deixei de me interessar pela Galiza, que exerce sobre mim um "engado" estranho; ele me conduz a prestar uma colaboração desinteressada a todos aqueles que propugnam pela integridade da sua cultura, que é, afinal, a nossa própria cultura, em estado de maior pureza e ancianidade. Repito o que disse há uns 3 anos a um jornal galego: "Sem conhecermos a Galiza, não podemos interpretar bem Portugal."

Torna-se pois cada vez mais necessário impulsionar a colaboração entre intelectuais de ambas as Galizas, de além e de aquém Minho, para restabelecermos, na ordem espiritual, os vencelhos que as uniram outrora. Essa colaboração, de resto, vem-se já fazendo de há muito, como se pode ver no número 16 da revista **NÓS,** que dá como colaboradores do lado portugués os nomes de Teixeira de Pascoais, Leonardo Coimbra, Hernâni Cidade, Sousa Aguiar, Cunha Barros. Pura fantasia: tal colaboração jamais foi concretizada, não passando de gratuita publicidade.

Foi precisamente para mudar este estado de coisas e criar um sentido de cooperação realista, operante, que se efectivou últimamente na cidade de Coimbra uma "Semana cultural galego-portuguesa", sob o patrocínio da respectiva Universidade e da Real Academia Galega. Resultou dela um conjunto de sugestões e propostas, de alcance prático, que submetemos á consideração dos leitores deste "Boletim". Por ora, é semente que se lança á terra. Só precisará de cultura para dar bons frutos.



Algúns aspeitos de "Nós"

por LUIS SEOANE

Da Academia Nacional de Bellas Artes, da Arxentina.

Non sei si a revista NÓS bautizóuna Vicente Risco. Supoño que sí, e ten coma antecedente do tíduo a revista italián "Noi", da mesma época, ou "Nosotros" de Buenos Aires. Na década do vinte todas as afirmacións comezan co pronome persoal nós, coleitivamente, e en nome cuasi sempre dunha minoría. "Nós, os inadaptados" é un ensaio do mesmo Risco pubricado polos anos trinta e algo que, polo seu esprito, lémbrámolo como da década anterior. NÓS é o primeiro álbum de Castelao esposto no Círculo de Artesáns da A Cruña no vinte e editado no trinta e un. NÓS é o nome que pon á súa imprenta Anxel Casal. Tristán Tzara escribía, no mesmo ano da fundación da revista ourensán, pra o segundo manifesto do dadaísmo: "os que están con nós conservan a súa libertade". A libertade conservárona por algúns poucos anos, a partir do vinte e logo de rematada a primeira guerra mundial, todas as minorías intelectuais de Europa. Con ese pronome afirmábase en Galicia a galeguidade dunha minoría culta, a máis brillante que tivo Galicia nos anos que siguen á fundación de NÓS deica moitos despóis, cando comezan a incorporarse escritores, artistas, investigadores, de xeneracións máis novas, polo trinta e dous ou trinta e tres. Primeiro dirixíuna Vicente Risco, e foron segredario de redaición, Xulio Gallego; redaitor-xefe, Xavier Prado; xerente, Arturo Noguerol; sub-xerente, Alfonso V. Monxardín, con unha redaición onde contábanse nomes xa ilustres: Castelao, Cuevillas, Otero Pedrayo... Anos despóis, 1925, nunha segunda época, polo seu traslado A Cruña, soio destacábanse na cabeceira dous nomes, o de Vicente Risco coma direitor literario, e o de Alfonso R. Castelao de direitor artístico. A tampa tamén tiña cambeado. A do neno asomado á fiestra, ou o arbusto xurdindo da caveira, feitas por Castelao, pequenas viñetas centrales nun espacio aprosimado de 21x27 cms. co tíduo moi ben caligrafiado no ángulo superior esquerdo, e número e data n o inferior dereito, sucedéronlle unhas tampas máis plásticas, barrocas, tamén de Castelao, que representan un dolmen e o sol, con seis figuras que as arrodean, tres mulleres, un pan e unha xerra nas mans de dúas delas, e outra fiando; e tres homes, cun machado un deles, e con un corno e unha gaita cada un dos outros dous. Os novos dibuxos de Castelao da tampa son aínda, co seu barroquismo, típicamente "art nouveau", coma moitas das ilustracións que facía entón. A outra é unha variante da descrita. Tiña as mesmas figuras, sen o dolmen nin o sol, cun cáliz, en cambeo, no centro superior, e dous monstros con cóbregas baixo do tíduo, que tamén tiña modificado. De Castelao son a maioría das viñetas pubricadas ao pé de páxina e algúns dos dibuxos que logo foron populares, coma o do toco montado nun burro que arrinca unha mazán dunha ponla, e algunhas das primeiras narracións de "Cousas", enmáis das páxinas encol do arte europeo do diario do seu primeiro viaxe por Francia, Alemaña, etc. Nos derradeiros anos de NÓS a maioría das viñetas son de Colmeiro. Tíñase trasladado dende A Cruña a Santiago a imprenta de Anxel Casal que a facía. Na que podemos clasificar coma primeira época desta revista, cando se imprentaba en Ourense, Fernández Mazas e Luis Huici pubricaron algúns dos grabados que costitúen o primeiro exempro de renovación do grabado galego e que proba a inquedanza dos novos artistas.

Non embargantes, NÓS, a pesares da colaboración de Castelao e dalgúns artistas, como os que citamos e outros, non tivo demasiadas inquedanzas encol das artes plásticas. A súa laboura era cuasi puramente literaria, coas colaboracións moi importantes, e por númaros maioritarias,

encol de etnografía, arqueoloxía, folklore... A influencia da mocedade compostelán xunguida ao "Seminario de Estudos Galegos", e, máis aínda, por amistade con Anxel Casal, fixo que nos derradeiros números, creo que a partir de 1933, os escritores e artistas con novas inquedanzas colaboraran co propósito de facela menos erudita e máis representativa da aitualidade creadora de Galicia. Fernández del Riego pubricóu por esas datas un ensaio sobor do estado da cultura galega destacando novos valores e, a partir de entón, colaboraron escritores, artistas e universitarios mozos que viñan traballando xuntos en outras pubricacións minoritarias de Santiago, Lugo, Mondoñedo, etc. Incorpóranse con del Riego, o malogrado Luis Manteiga, Iglesia Alvariño, Alvaro Cunqueiro, Anxel Fole, eu mesmo con algún dibuxo dun álbum que non chegóu a pubricarse, e teño entendido que desta xeneración xa viñan colaborando en NÓS Carballo Calero e Xaquín Lorenzo. Non teño a coleción da revista pra fixar mellor os nomes e colaboracións. Do que sí gostaríame escribire, en homaxe ao cincuentenario de NÓS, é das angurias económicas de Anxel Casal pra imprentar cada número, e das que tiveron denantes Risco e os seus colaboradores, polo que sabíamos, cando se imprentaba en "La Región" de Ourense. Mais os amigos de Anxel Casal vivíamos as déste, que facía verdadeiros equilibrios pra editar NÓS e as outras pubricacións galegas, todas elas saídas dunhas pequenas máquinas que constituían a imprenta NÓS. De esto tamén ten de escribirse algún día. NÓS, a revista, probóu moitas cousas. E os intelectuais que a fixeron, probaron ser capaces de costituírense en vanguarda do pensamento peninsuar dunha é p o c a. Dende logo foi a revista galega máis importante de Galicia durante quince anos sen que ningunha outra se lle achegase.

Lembranza dos mortos

por ANTONIO TABOADA ROCA

Pra os meus amigos e veciños Xosé Manuel Rodríguez Pampín e Moncho Fraga García, mestres dos Institutos da Cruña, os que falan a cotío a doce lingua que lles insiñaron seus pais.

Os poucos colaboradores que viven da revista NÓS, non saben quén foi Ignacio Rodríguez Varela, nado na vila de Melide (16-3-1893) e morto na mesma (1-4-1922), ao pé da miña casa. Na escola, na que fun nalgún tempo con il, era dos escolantes, con Álvaro Landín [1] e Modesto López Galuá [2], dos máis sabidos e intelixentes. Un día perguntáronlle quén fora o millor pintor da España, respondendo axiña: Velázquez. Anque non tiña ningún tíduo profesional, como lía moitos libros bós, disfrutaba de grandes conecementos. Non querendo ser gravoso á casa, marchóu moi novo pra Buenos Aires empreado na casa comercial "González e Sangrador"; pero como esa vida non lle ditaba, polo amor que tiña á rexión, logo volvéu á vila da súa nascencia, onde tamén estivo pouco tempo marchando a Madrid cun empreo comercial. Alí casóu con dona Claudina Roa [3], sendo un dos testigos o poeta Cabanillas, co que levaba grande amistade e o mesmo con Castelao, ambos e dous galeguistas, os que se xuntaban nun café, do que non me lembro. Naquela data botaron semente de toxo nos xardís do Retiro, feito que foi moi comentado polos xornáis da capital.

---

[1] Curmán da primeira autoridade da provincia.

[2] Pai do frade mercedario Alfonso López Quintán, autor de notabres libros moi gabados polo xornal "Ya" do que é colaborador.

[3] Viuda de don Emilio Rey Sánchez Somoza, inventor do sello "Yer", pai do xerente de "La Voz de Galicia".

Foi un dos firmantes do Manifesto de Monforte. Polas devanditas datas vese que morréu moi novo, do mal do peito, doenza moi corrente destonces, sendo enterrado no panteón que ten en Melide a súa familia [4].

Anque non coñezo os demáis traballos que van con iste meu, por se neles non nomean os do editor, Anxel Casal, o de frai Aureliano Pardo e o de Curros Enríquez, somentes eu quero facer constar que os pais deles foron nativos do concello de Santiso, e que vive na Cruña e que pasa tempadas en Melide, don Xesús Lodeiro Pardo o único nado que levóu trato co seu parente o dito poeta o cal era curmáu do referido frade.

Tamén teño parado moito eiquí, co meu coparente Victor Casas, e coa súa dona, sendo ista unha nena, a cal era filla do telefonista de Melide don Arturo Vofil.

---

[4] Un medio irmán vive na Cruña; chámase Rodrigo, seus catro irmáns á ves teñen a mesma alcuña de Rodríguez. Consiño este dato, somentes por curiosidade, xa que nas notificacións de nacemento e bautismo, nunca atopéi ningunha así.

Na historia do rexurdir da literatura galega

por LUIS TOBÍO FERNÁNDEZ

Na historia do rexurdir da cultura galega, a revista **NÓS** constitui un alveiro fundamental. E elo por varios motivos.

En primeiro termo polo simpre feito —sin precedente— de ter nado unha revista de cultura redaitada enteiramente en galego. Os que viviron naqueles tempos en que a grande maioría dos galegos cultos seguía no esquecemento e desleixo das súas cousas, cando era mester "ir de porta en porta acendendo os corazóns", saben ben cánta fe e ousadía supuña aquela empresa. Eran moitos os que coidaban que a nosa lingua somente servía pra facer versiños ou contos costumbristas. Que nela puidesen escribirse ensaios de filosofía, arte ou socioloxía era cousa que non lles entraba no miolo e máis ben tíñano por tolería.

Había —coma sempre pasa— un aquel de verdade no fundo do que decían aqueles asisados. E era o de que ao galego que se empregaba e falaba adoito mancáballe a riqueza, fleisibilidade e requintamento que son precisos pra servir de meio de cultura. Certo que o novo galego escrito tiña medrado e mellorado moito coma instrumento de espresión poética dende os primeiros tempos do Rexurdimento, gracias máis que nada, a Pondal e Curros. Mais, así e todo, non resultaba moi a xeito, atal e coma estaba, pra sere vehículo total de cultura. Había que luílo e arrequentalo, empresa delicada, xa que compría manter o esprito, a calidade, e eufonía enxebre do noso idioma, non desnaturalizalo. Había que traguer novas palabras e formas da vella linguaxe ou das linguas irmás, e crear neoloxismos con siso e senso da fala, concentrando en poucos anos o labor que noutros casos tense feito en séculos. E nesta empresa, que pillóu nas súas mans a xeneración toda das irmandades, ocupóu **NÓS** rol de avangarda. Pra **NÓS** era tarefa ineludible porque sin instrumento a xeito non sería quen a comprir o fito que se propuña. Non era posible escribir encol dos temas que os redaitores e colaboradores tencionaban desenrolar si o meio de espresión fallaba. Na creación da prosa galega pra mesteres culturáis fora do propiamente literario, a axuda de **NÓS** foi considerable. Esta constitui a súa segunda aportación fundamental á nosa cultura.

O galego recibéu entón un pulo iñorme. Non deixóu de haber daquela —coma inda pode haber agora— quen diga que ese xeito de desenrolar unha lingua é cousa artificial e artificiosa. Mais eso é o que se fixo con todas as linguas de cultura. As linguas de cultura foron e son sempre

línguas artificiáis, en certo senso, e a xente, cando se cultiva, deprende a falalas. Ás veces foron mesmo creación dun soio home, coma o alemán de Lutero ou o búlgaro de Otiets Paisi. E o feito é que hoxe temos un galego literario ou culto no que se pode escribir canto lle a ún pete, sin atopar máis pexas nin tropezos que as que se poden atopar noutras linguas de máis longa formación e cultivo, e que ten un belido e fino soar cando se sabe manexar a xeito. A xente de **NÓS** —e non soio ela, certamente— fixo verdadeiros **tours de force** ao se enfrontar ás vegadas con temas sotís e comprexos, que demandaban grande matización e requintamento na língua, ou facer traducións de testos dificeis como a dalgúns pasaxes do "Ulysses" por Otero Pedrayo.

O terceiro mérito que quero apoñer a **NÓS** é o seu pandeamento a percurar vencellos inteleituáis direitamente cas fontes sin pasar pola aduana, ás veces deformante, de Madrid. Foi un intento de anovar a lonxana comunicación direita con Europa, a volta ao camiño de Santiago. Denantes aludimos á tradución dalgúns pasaxes do "Ulysses". Foron os primeiros fragmentos desta obra básica da literatura moderna que se traduciron en España, cheirando cedo a súa trascendencia, anque certo grupiño madrileño pretendera máis adiante outra cousa, aqueles señores do "meridiano" que os arxentinos tan asisadamente rexeitaran. A aititude depurada a saneadora de **NÓS** verbo desto teimaba axudar á descolonización cultural. Pois a boa norma é percurar en cada lugar o que é de seu, direitamente. Nelo **NÓS** sinalóu un camiño que compre manter, afondar e anchear.

Recordo inmorredoiro

por ALFONSO VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Qué de recordos inmorredoiros veñen á miña mente ao lembrar que fai 50 anos da pubricación do primeiro número da inigualable revista NÓS. Pra os que vivíamos daquela, a esistencia da dita revista supoña o alcanzamento de un desexo que fai tempo latexaba no inquedo de todos.

Os que nos preciamos de ter a colección sentimos un orgullo grande pola sabencia fonda que se atopa en todas as súas páxinas, pola calidade das firmas que nela aparecían, polo esprito que reinaba en todas as súas follas e polo que representaba entonces a dita pubricación.

É pra min un orgullo doble o poder lembrar a dita data do seu nascemento e poder seguir en todo o seu contido toda unha serie de feitos que eran o bulir da inquedanza da Terra; e tamén é pra min orgullo o poder contarme antre os que alcontraron unha acollida xenerosa a algunhas cousiñas miñas que en un número e noutro foron saíndo, as primeiras primicias do meu latexar no inquérito de cousas da terra e máis certeiramente da miña bisbarra ao poder apoiar co meu pequeno esforzo a facer o surco nas cousas históricas da Galicia.

Foi no ano 1932, cando saíu un meu primeiro traballo encol da maneira de facer unha catalogación nos arquivos parroquiais nos que se atopa todo o fondo do noso decorrer histórico, que amostran a través dos seus fondos a base da nosa historia.

Naquel programa orientaba no meu sentir cómo debía catalogarse unha se-

rie de documentos constituintes dos fondos parroquiais.

Nese mesmo ano, a dita revista acolléu outro traballo localista sobor do voto de San Roque no concello de Arbo.

Dúas cousiñas que a revista aceitóu e que constituiron pra min un azo tan forte no meu primeiro debatir no campo da investigación, que agradezo estraordinariamente á Real Academia Galega o terme invitado a escribir estas cuartelas que señan unha voz máis na commemoración dista data, un recoñecimento pra min pola acollida dises meus primeiros pasos na aportación das cousas de Galicia e un desexo pra aqueles que tiñan sobor dos seus lombos a direición da revista de que o Señor os teña acollido no seu seo pra sempre endexamáis.

Importante é loubar a grande virtude dista revista que aínda oxe, pese ao tempo pasado, non menos importante é recoller todo o que de bó tiña e resucitala, co mesmo sentido e o mesmo esprito, aínda que os tempos, as circunstancias e os homes xa pertezan a outras xeneracións, nas que non embargantes aínda bulen os mesmos anceios de outros, de todos os tempos.

Non se cubríu o hoco que deixóu NÓS, e oxe estimo que a súa lembranza, o recordo do seu pasado, debe dar azos pra sacala novamentes ao campo da vida intelectual dos galegos, que atoparían nela un campo pra amostrar unha serie de ouservacións e criterios que andan esperexidos e algunhas vegadas alcontrados, con perigo pra o rexurdir da Nosa Terra.

¿Quén lle pon os bois ao carro? O carro esiste, Galicia. Os bois son os homes, que tamén os hai, pero estes bois andan un pouco tirando pra distintos sitios e como se di no campo, cando un boi turra pra un lado e o outro pra outro é que están entravados e o carro non anda.

Temos que tirar todos do mesmo cabezallo porque hai un soio carro, temos que tirar todos nun mesmo senso, pois cada ún busca a súa comenenza, e eisí o carro non anda.

A revista NÓS foi un exemplo desa unidade de acción no campo das letras e isto é o que convén resucitar levándoo a outros campos sociais, económicos, relixiosos, culturais, industriais, etc., etc., nos que non haxa máis que o desexo do rexurdimento das riquezas, dos valores da nosa rexión, no concerto das terras peninsuares.

Gran semente deixóu a revista NÓS; fagámola rexurdir e no campo intelectual atoparemos materia dabondo, abonándoa co noso sudor e co noso esforzo pra que dé o seu froito.

Lembranzas a todos os que formaban aquel corpo de direción da revista NÓS e que Galicia os teña presentes pola gran laboura que fixeron, e aínda están facendo.

SEGUNDA XEIRA

ÍNDICE DA REVISTA "NÓS"

por XOSÉ RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA

Nos primeiros anos diste século había en Ourense un grupo escolleito de intelectuais que se axuntaban acarón da mesa-camilla da "Comisión de Monumentos", baixo a indiscutibel presidencia de don Marcelo Macías e da que formaban parte non somente arqueólogos, senón tamén abogados, xornalistas e xentes que tiñan amor á sabencia, pois compre engadir que nas xuntanzas daquil grupo, ben fose na devandita sala da Comisión, polo inverno, ou no xardín do Posío, cando o tempo convidaba, líanse as derradeiras novedás literarias de Madrid, de Lisboa, de París ou de Londres e igual se discutían as innovacións poéticas de Rubén Darío, como as novelas de doña Emilia ou as cousas cursidosas da esótica Teosofía.

Arredor do grupo dos mestres fóronse xuntando rapaces novos recén licenciados nas súas discipliñas, arelosos de lucir o seu talento e os conocementos noviños do trinque e de por en práutica as ideias que lles bulían nos miolos. Eran aquiles mozos Primitivo R. Sanjurjo, enrolado no movemento poético rubeniano e autor xa do fermoso libro de poesías "Las Mesetas Ideales"; Vicente Risco, esprito inquedo e cursidoso de todas as novidades quen, despois de asustar ás beatas dende as columnas liberais do "El Miño", co seudónimo de Polinchinela e de ter descoberto no Ateneo de Madrid a Rabrindanath Tagore voltara da Corte convertido á máis pura ortodoxia católica; Florentino L. Cuevillas, dono dun tídoo de Licenciado en Farmacia, que endexamáis exercería, e cunha pruma áxil e brilante e grandes dotes literarias, que tamén se perderían pra lle ofrendar a Galicia a súa laboura de prehistoriador, onde tiña que acadar o primeiro posto entre os primeiros; Ramón Otero Pedrayo, que viña de se facer catedrático de Xeografía e Historia e levaba dentro de sí o xérmolo dun escritor asoballante e dun orador superabondoso; Antón Lousada Diéguez, que profesaba Filosofía no Instituto e rezumaba simpatía; Arturo Noguerol Buján, con puxos de sociólogo i economista, e algún outro máis.

Facía tres anos que se encetara a Gran Guerra Europea levando o desacougo e a polémica a todas as xentes; pola Mitteleuropa bambeábanse os grandes imperios e

no mundo xurdían ideias novas. O grupo dos mozos intelectuais ourensáns degaraba dar espallamento aos seus outos pensamentos e nun día do mes de San Xoán, do ano 1917, saía á rúa, vestida de laranxa e levando na portada un moucho entre dúas siluetas de mulleres exipcias, a revista neosófica "La Centuria", dirixida por Vicente Risco.

Esta revista, que debía ser mensual, durou xustamente un ano e publicóu, durante il, sete números, con devagar de algúns meses entre os cinco primeiros e os dous derradeiros, denunciador de afogos económicos.

Pro abondaron aquiles sete números pra que a xente se decatase do pulo e da valía dos que facían a revista, que sorprendéu a moitos e foi buscada arelosamente polos leitores de bon paladar literario.

"La Centuria", que foi o xérmolo de NÓS, morréu coa guerra. O derradeiro número saíu no mes de Sant Yago do 1918.

A paz de Versalles trocóu o mapa de Europa e deu satisfación ás nacionalidades asoballadas polos grandes Imperios centroeuropeos. Houbo no mundo un respiro de espranza pra os pobos débiles políticamente e tamén as nacionalidades hispánicas volveron en sí e trataron de revalorizar as súas culturas.

Galicia non podía ficar atrás naquil movemento nacionalista, con tanta máis razón canto que fora un galego, Alfredo Brañas, quen levara a Cataluña os ideais rexionalistas, e comprendéndoo así Cambó fixo un viaxe pola nosa terra no 1919 de grande importancia política.

O grupo dos intelectuais ourensáns, decote vixiante, non era alleo a estas inquedanzas e sumóuse a elas con toda a súa fe, con todo o seu grande amor a Galicia e con todas as consecuencias. Unha destas foi a creación de NÓS, que saíu ás rúas o 30 do Outono do 1920, dirixido tamén por Vicente Risco e baixo a xerencia de Arturo Noguerol.

Comenzóu tirándose na imprenta "La Región", de Ourense, que rexentaba o gran tipógrafo D. Xosé M.ª Cid Morenza e, dende o segundo número, levaba na portada unha viñeta alegórica de Castelao. A partir do número dez adoutóuse pra a cuberta o estupendo deseño de Castelao que tivo xa pra sempre [e que tamén leva este índice].

O número de Xaneiro do 1923 foi o deradeiro que se tiróu en Ourense e istes quince números son, indubidabelmente, os millor feitos tipográficamente. No remate publicaba unha convocatoria do xerente da Sociedade NÓS pra unha xuntanza dos Conselleiros e socios pra aprobar o balance anual. E como a cousa económica non ía ben, houbo que levar a confeción do NÓS á imprenta de J. Poza Cobas, de Pontevedra, onde somente se tiraron tres números.

Pra endereitar a adeministración fíxose cárrego da revista a Sociedade "Lar", da Cruña, que dirixían Ánxel Casal e Leandro Carré e, dende entón, arredóuse a Dirección (que seguía en Ourense a cárrego sempre do Vicente Risco acompañado por Castelao, como Direitor artístico) da adeministración, que pasóu á Cruña e desempeñóuna, deica a súa morte, Ánxel Casal.

Na primaveira do 1930 arredóuse Casal de Carré, ficando íste co "Lar" namentras aquil seguíu adeministrando e imprentando NÓS na Cruña, deica Abril do 1931, no que Casal funda a Editorial NÓS en Santiago e comenza a se tirar alí a revista dende o número 88 ata o loitoso final do 1936.

Dende que NÓS comenza a se editar na Cruña regularizase a súa saída e xa todos os números levan a data do día 15 si ben se ouservan algunhas vacilacións no xeito de poñer as datas, que unhas veces levan a preposición *de* e outras non, así como nos nomes dos meses que tan ben din Setembre como Setembro ou Septembro. No número 108 di Decembro e non Nadal asegún se viña facendo.

Apuntamos como curiosidade que o número 103, do ano 1932, aparez datado en Xulio e non no Día de Galicia como se viña facendo e se volvéu facer ao ano seguinte.

En dúas ocasións trabúcase a data do núm. O 28, correspondente ao Abril de 1926, dátase en Mayo, con y grega, e o 29 en Maio. Dous anos despóis cáese no mesmo erro poñendo en Xaneiro do 1928 o mes de Febreiro que volve aparecer no n.º 50.

No Maio do 1934 comenzan os números dobles, non sabemos si por estar o Direitor na Alemaña e chegar tarde os orixinais, ou cecáis máis ben por dificultás económicas que van retrasando, cada vez máis, a saída de NÓS deica o derradeiro 144 que saíu con máis dun ano de atraso.

A revista NÓS, aberta polo Risco no 1920 e pechada tamén, por curiosa coincidencia, cun traballo seu no derradeiro número da colección, foi a máis outa representación da cultura galega por un espacio de quince anos.

As súas páxinas son a millor testemuña da vida que latexaba nelas e da inquedanza dos galeguistas mergullados na tarefa de descobrir e de estudiar a Galicia dende o seu propio seo e cun senso europeo que, ata entón, se non atopa en ningunha pubricación galega.

Todos cantos tiñan algo que decir acudían a NÓS e seguindo o índice cronolóxico resulta curioso ver como se van incorporando valores novos á cultura galega. Como unhos aparecen fugazmente, cal errantes cometas, namentras outros xurden con certa periodicidade e outros son constantes na súa colaboración dende os comenzos deica a morte da revista.

Non tivo endexamáis NÓS un criterio esclusivista nin de capela e nas súas páxinas refréxanse ben as preocupacións dos galegos intelectuais nas difrentes fases que —ao decir da Editorial con que se enceta o ano 1931 pra conmemorar os dez anos da revista— van aparecendo e misturándose sen se confundir.

Como di aquela Editorial, hai "unha fase que diriámos psicolóxica, d'interrogación do noso ser tradizoal e racial; unha fase d'intrés predomiñante pol-as artes plásticas; unha fase d'espansión cordial cara Portugal e cara Irlanda; unha fase d'audaz ensayismo filosófico, de febre criadora; unha fase d'acentuado avangardismo, aínda confusionario; unha fase de veleidades ocultistas e teosóficas; unha fase d'intrés arqueolóxico e erudito. De cote, o que constituíu a actualidade espritual de Galiza foi o fondo de NÓS".

A vida de NÓS foi unha tarefa de renovación constante e de milloramento, como se ve, por exempro, nos intresantes troques ortográficos, non somentes no lenguaxe empregado polos colaboradores, senón tamén no que se refire ás seccións permanentes da revista e incruso no mesmo xeito de numerala que, ata o 1928, levaba cada número a súa paxinación independente e, dende entón, xa se numera por anos compretos.

A consulta de NÓS faise indispensábel pra os que queiran coñecer a nosa terra, especialmente pra os estudiosos da Prehistoria, da Etnografía, do Folklore e da Poesía á que decote lle deu NÓS lugar de preferencia chegando a lle adicar por enteiro aos poetas galegos o número 91, correspondente ao Día de Galicia do 1931. Niste aspecto a colección de NÓS é unha verdadeira antoloxía da poesía galega ca súa nómina de setenta e tres poetas.

Si é tristeiramente certo que NÓS topóu ca incomprensión e a indifrencia de moitos galegos —que son os que viven decote de costas pra Galicia— non é menos certo que a revista tivo un grande espallamento nos meios culturais tanto peninsuares como europeos e americáns, según pode verse pola enorme cantidade de libros e de revistas que tiñan intertroque co boletín da cultura galega.

Foi unha doorosa coincidencia que o derradeiro número que se editóu e que xa foi espallado ás escondidas, estivese adicado á baril persoalidade de ÁNXEL CASAL GOSENXE pola Asociación de Escritores de Galicia, que tanto tiñan que lle agradecer. Por un sino fadal viñeron morrer xuntos CASAL e NÓS, aquil de morte violenta e iste queimado na clásica fogueira cervantina xunto con todas as obras que constituían o patrimonio da cultura galega, hoxe renacida das súas cinzas como unha nova e inmorrente Ave Fénix.

ÍNDICE XERAL

Número 1. Ourense 30 Outono 1920

Primeiras verbas.
Fala do Sol, TEIXEIRA DE PASCOAES.
O sentimento da terra na raza galega, VICENTE RISCO.
Poetas de Galizia, PHILEAS LEBESGUE.
Dos nosos tempos, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
O probrema do traballo en Galicia, ARTURO NOGUEROL.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galicia.
Os homes, os feitos, as verbas:
Teixeira de Pascoaes e NÓS.
Phileas Lebesgue.
Letras e artes galegas.
Libros.
Revistas.
Fora de testo: A Roda de San Xohan, CASTELAO.

Número 2. Ourense 30 Novembre 1920

Coimbre, PHILEAS LEBESGUE.
Teoría cuase trascendental da velocidade, ANTÓN LOSADA.
O Nazonalismo musical galego, JAIME QUINTANILLA.
Portugal e Galizia.
¡Ten fe, poeta!, XAVIER PRADO (Lameiro).
Políteca social, ARTURO NOGUEROL.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galizia.
Os homes, os feitos, verbas:
Castelao en Ourense.
Jean Revel. As letras catalanas en Galizia e as letras galegas en Cataluña. Libros. Revistas.
Fora de testo: A tola do monte, CASTELAO.

Número 3. Ourense 30 Decembre 1920

¿Fada ou quimeira? ¿Vixilia ou sono?, MARQUÉS DE FIGUEROA.
Unha carta de Leonardo Coimbra.
Galizia céltiga, VICENTE RISCO.
Lletres catalanes: Angel Guimerá poeta, TOMÁS GARCÉS
Conto sinxelo, ANTÓN LOSADA DIEGUEZ.
Letras irlandesas: W. B. Yeats, V. R.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galizia.
Os homes, os feitos, as verbas, V. Risco, A. Noguerol, L. González Salgado, etc. Letras e artes galegas. Libros. Revistas.
Fora de testo: Poemiña, CASTELAO.

Número 4. Ourense 31 Xaneiro 1921.

No facho - O Carballo (sonetos), GONZALO LÓPEZ ABENTE.
Pensamentos pra unha Universidade galega, JOHAN VIQUEIRA.
Da paisaxe e a pintura en Galizia, ANTÓN VILLAR PONTE.
Coidado cos bicos (poema), AMADOR VILLAR.
Nacionalismo e Democracia (ensayos políticos), LOIS PEÑA NOVO.
Un canto na noite, HRAND NAZARIANTZ.
O poeta armenio Hrand Nazariantz, VICENTE RISCO.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.
Letras e artes galegas. Libros. Revistas.

Número 5. Ourense 24 de San Xoan 1921

Vigo, PHILEAS LEBESGUE.
O Maráno, por TEIXEIRA DE PASCOAES.
Conto, ANTÓN LOSADA DIEGUEZ.
Notas de viaxe, Vigo: A cibdade, ROBERTO BLANCO TORRES.
Galiza céltiga, VICENTE RISCO.
Brua o mar, VICTORIANO TAIBO.
O mercado d'Oriente, ARTURO NOGUEROL.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galizia.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.
A III Asambreia Nazonalista. Achádegos arqueolóxicos. Libros. Revistas e xornaes.
Fora de testo: Retrato ó carbón, FARRUCO LAMAS.

Número 6. Ourense 20 de Agosto 1921

Os meus versos. Ansiedade, ALEXANDRE DE CÓRDOVA.
Lembranza, RAMÓN VILLAR PONTE.
Do Padre Feixóo, PRIMITIVO R. SANJURJO.
Seición Pedagóxica, VICENTE RISCO.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galizia.
A muller galega, FRANCISCA HERRERA E GARRIDO.
Do noso tempo, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.
Libros. Revistas e xornaes.
Fora de testo, Dibuxo, CASTELAO.

Número 7. Ourense 25 de Outubre 1921

¡...!, XAVIER PRADO.
A Embaixada Espirtual de Leonardo Coimbra.
Leonardo Coimbra e o Criacionismo.
De Xúpiter y-os Xigantes, PRIMITIVO R. SANJURJO.
Seición Pedagóxica, VICENTE RISCO.
Seición Arqueolóxica.
Caricatura do pintor João Peralta, ALVARO CEBREIRO.
Archivo fililóxico e etnográfico de Galizia.
O Concurso da Revista "Mondariz", X. G.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.
Libros. Revistas e xornaes.

Número 8. Ourense 5 de Decembre 1921

En lembranza de Terencio Mac Swiney, pol-a Redaución.
Terencio Mac Swiney, Antón Losada Dieguez.
Notas da vida de Terencio Mac Swiney, Miss Annie Mac Swiney.
Irlanda, Ramón Cabanillas.
Cathleen in Houlihan W B. Yeats, traducción galega de A. Villar Ponte.
Irlanda políteca no século XIX, Ramón Otero Pedrayo.
Ao bon irlandés, Victoriano Taibo.
Irlanda e Galiza, Vicente Risco.
Fora de testo: retrato de Terencio Mac Swiney.

Número 9. Ourense 31 de Xaneiro 1922

Medo, Gonzalo López Abente.
O aspecto actual da Literatura Portuguesa, Hernani Cidade.
O monopolio do comercio do diñeiro, Julio A. Cuevillas.
Novela, Castelao.
Berros do Alén, Ramón Villar Ponte.
Seición Arqueolóxica. A Mansión Aquis Querquernis, Florentino L. Cuevillas.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.
A volta do Castelao. O homaxe a Leiras Pulpeiro en Mondoñedo. Libros. Revistas e xornaes.

Número 10. Ourense 20 de Abril 1922

Do meu diario, Castelao.
Na esposición Lamas, Euxenio Montes.
Na esposición Castelao, Arturo Noguerol.
Política arancelaria, A. N.
Seición Arqueolóxica: O castro "A Cibdade" en San Ciprián de Lás, Florentino L. Cuevillas.
A Compostela dos doentes.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.
Fora de testo: Augaforte, Xulio Prieto.
Dibuxo a carbón, Farruco Lamas.
Pra que sirva de exempro, dibuxos de Camilo Díaz, versos de Victoriano Taibo.

Número 11. Ourense 26 de Xunio 1922

A nossa Taça, Antonio de Cértima Cunha Barros.
Un punto de vista do Nacionalismo, Julio A. Cuevillas.
Cubismo, por Castelao.
Seición Arqueolóxica: Unha reutificación e un pequeno descobrimento, Florentino L. Cuevillas.
Os netos de Cabral, Souza Aguiar.
Anxelus, Luis Huici.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza: Vocabulario dos cesteiros de Mondariz, E. Peinador Lines.
Notas deportivas, Handicap.
Notas financieiras, Arturo Noguerol.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.

Número 12. Ourense 25 de Agosto 1922

Nota da Redaución.
Alalás da noite de San Xoan, Euxenio Montes.
O Filósofo de Tuy, Xan Aznar.
Cubismo, Castelao.
Pra facer un feitizo..., Fermín Bouza Brey.
Seición Arqueolóxica: O castro "A Cibdade" en San Ciprián das Lás, Florentino L. Cuevillas.
Notas financieiras, Arturo Noguerol.
Notas deportivas, Goal.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.
Aviso ós lectores.
Fora de testo: Dibuxo de Castelao. Fotografías de Samaniego.

Número 13. Ourense 1 de Novembre 1922

Leonardo Rodríguez.
Do meu diario, Castelao.
A escrava, Amado Villar.
O Filósofo de Tuy, Xan Aznar.
Seición Arqueolóxica: O castro "A Cibdade" en San Ciprián das Lás, Florentino L. Cuevillas.
Archivo Filolóxico e etnográfico de Galiza, Vocabulario dos cesteiros de Mondariz, E. Peinador Lines
Notas deportivas, Goal.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.
Fora de testo: Estética da Muiñeira (separabre), E. Montes.
Augaforte, Xulio Prieto.
A Muiñeira, Méndez.

Número 14. Ourense 1 de Nadal 1922

Encol da aldeia, Ramón Otero Pedrayo.
De min, Teixeira de Pascoaes.
Orballo, Blanco Amor.
A Estrela y-o Aturuxo, Francisco Lois Bernardez.
Quod nihil scitur, (continuación), traducción de Xan Aznar Ponte.
A terceira dimensión da vida, Antón Villar Ponte.
Unha Historia da Colonización Portuguesa do Brasil. Vicente Risco.
Seición Arqueolóxica: Nota encol da Eirexa de Santa María de Marrube, Xaquin Arias Sanxurxo.
Archivo Filolóxico e etnográfico de Galiza, Concrusión do vocabulario dos cesteiros de Mondariz, E. Peinador Lines.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.
Fora de testo: Estética da Muiñeira (separabre), E. Montes.
Arco da vella, Fernández Mazas.

Número 15. Ourense 1 de Xaneiro 1923

O pintor Imeldo Corral.
Prosa, V. Taibo.
Razas loiras e razas morenas, Jaime Quintanilla.
O teósofo alemán Rudolf Steiner, Vicente Risco.
Do cançoneiro Colocci-Brancuti, Manoel Fuentes Canal.
Literatura céltiga: Nosa Señora dos Outeiros, W. B. Yeats.
Quod nihil scitur, (continuación), traducción de Xan Aznar Ponte.
Seición Arqueolóxica: Intento de catalogación dos castros galegos.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.
Fora de testo: Estética da Muiñeira (separabre), E. Montes.
Os caciques (augaforte), Castro Gil.

Número 16. Ourense 1 de Febreiro 1923

Manoel Murguía, pol-a REDAUCIÓN.
Do meu diario, CASTELAO.
Papeletas cervantinas ao marxe de Galicia, XAQUIN ARIAS SANXURXO.
Seición Arqueolóxica.
A pintura galega, o segundo salón ferrolán, BELLO PIÑEIRO.
As nosas publicaciós.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 17. Ourense 1 de Marzal 1923

A noso Arcebispo galego.
En col da lingoa, MANOEL PORTELA VALLADARES.
A cantiga do fento, A. VILLAR PONTE.
O Teósofo alemán Rudolf Steiner, VICENTE RISCO.
Cruceiros, grabado de CASTELAO.
As fontes pr'a Hestórea antiga de Galiza.
En col da chuvia, EDUARDO DE ONTAÑÓN.
Seición Arqueolóxica, Apunte pra un catálogo de eirexas románicas de Galiza, F. BOUZA BREY.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 18. Ourense 1 de Sant Yago 1923

Do meu diario, CASTELAO.
Noiturnio, E. BLANCO AMOR.
Firma de creto, XAVIER PRADO. LAMEIRO.
Apoloxética do cadaleito, FRANCISCO LUIS BERNARDEZ.
A Estrela do Apóstolo, VICENTE RISCO.
Noso Señor Sant'Yago, R. CABANILLAS.
Teixeira de Pascoaes en Madrid, LUIS CORTÓN DO ARROYO.
O Teósofo alemán Rudolf Steiner, VICENTE RISCO.
Seición Arqueolóxica: Os restos da eirexa visigótica de San Martiño de Ourense, A. DEL CASTILLO.
Os dólmenes do Monte das Motas en Lobeira, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Guerra Junqueiro, pol-a REDAUCIÓN.
A Galiza, TEIXEIRA DE PASCOAES.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.
As fontes pra Hestorea antiga de Galiza. As primeiras informaciós dos xeógrafos gregos.

Número 19. Ourense 25 de Xulio 1925

Reaparición de "NÓS".
A Edade do Ferro en Galiza, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
A lenda do San Amaro o pelengrino, EUXENIO CARRE ALDAO.
Quod nihil scitur, (continuación), traducción de XAN AZNAR PONTE.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Temas compostelanos, RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 20. Ourense 15 de Agosto 1925

As pombas do perdón, RAMÓN CABANILLAS.
A vida intensa, PORTELA VALLADARES.
A neta da naipeira, FRANCISCA HERRERA GARRIDO.
A Edade do Ferro en Galiza, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Quod nihi scitur, (continuación), traducción de XAN AZNAR PONTE.
Archivo Filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 21. Ourense 15 de Setembro 1925

Falares miñotos, MARQUÉS DE FIGUEROA.
Un romance galego, ARMANDO COTARELO.
Cantigas d' El Rei Sabio localizadas en Galicia. San Ero d'Armenteira, XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.
Do arte popular galego e d'algunhas das suas manifestazóns, F. BOUZA BREY.
A Edade do Ferro en Galiza, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Quod nihil scitur, (continuación), traducción de XAN AZNAR PONTE.
Panteismo, AUGUSTO MARÍA CASAS.
Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 22. Ourense 15 d'Outono 1925

O derradeiro galán (poesía), AMADOR VILLAR.
San Ero d'Armenteira, XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.
Unhas moedas castelás atopadas no Valadouro, LOIS TOBÍO FERNÁNDEZ.
A Edade do Ferro en Galiza, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Quod nihil scitur, (continuación), traducción de XAN AZNAR PONTE.
Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 23. Ourense 15 Novembro 1925

Cantares, ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL.
Os poetas atlánticos, RAMÓN OTERO PEDRAYO.
A ponte de Vidán, XOSÉ PENA PENA.
O Congreso d'Economía Galega en Lugo.
A Edade do Ferro en Galiza, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Quod nihil scitur (continuación), tradución de XAN AZNAR PONTE.
Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 24. Ourense 15 Nadal 1925

Soneto, ALVARO MARÍA DE LAS CASAS.
A Regueifa, LEANDRO CARRÉ.
Sobre o emprego do apóstrofo, ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL.
A Edade do Ferro en Galiza, FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 25. Ourense 15 Xaneiro 1926

A Espada Escalibor, por RAMÓN CABANILLAS.
A nosa Ortografía, por ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL.
A lenda d'Armenteira, por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.
A Edade do Ferro na Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Encol da morfoloxía das vilas galegas, por RAMÓN OTERO.

BIBLIOTECA PROVINCIAL

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 26. Ourense 15 Febreiro 1926

O poema da Saudade, por AUGUSTO MARÍA CASAS.
Un Arcebispo de Santiago descoñecido, por ARMANDO COTARELO.
A moderna literatura irlandesa, por VICENTE RISCO.
A lenda d'Armenteira (proseguimento), por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.
Quod nihil scitur (continuación), traducción de XAN AZNAR PONTE.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 27. Ourense 15 Marzal 1926

Trova infinita, por F. BOUZA BREY.
Encol dos estudos modernos da Antropoxeografía, por R. OTERO PEDRAYO.
A moderna literatura irlandesa, por VICENTE RISCO.
Encol da novela galega, por LEANDRO CARRE.
A Edade do Ferro na Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Quod nihil scitur (continuación). Traducción de XAN AZNAR PONTE.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 28. Ourense 15 Mayo 1926 (Debe ser Abril)

Poesía, por M. LUGRÍS FREIRE.
A moderna literatura irlandesa, por VICENTE RISCO.
Nota bibliográfica, por RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ.
A Edade do Ferro na Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 29. Ourense 15 Maio 1926

A Buitra, por GONZALO LÓPEZ ABENTE.
O momento actual da música galega, por JESÚS BAL.
A espiritada de Moeche e o poseso Antón Ramilo, por URBANO LOSADA MARTÍNEZ.
A Edade do Ferro na Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 30. Ourense 15 Xunio 1926

O demo na tradición popular galega, por VICENTE RISCO.
Xuventude e cultura, por AUGUSTO MARÍA CASAS.
A Edade do Ferro na Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Quod nihil scitur, traducción por XAN AZNAR PONTE.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 31. Ourense 25 Xulio 1926

A vella Fanchuca, por CASTELAO.
Meditaciós do Sant Yago, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Airiños, aires, por NORIEGA VARELA.
Poesía, do MARQUÉS DE FIGUEROA.
Un vilancico galego no ano 1818, por ARMANDO COTARELO.
Eu son da terra celta, por LISARDO R. BARREIRO.
O paspallás, por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.
O Amor, por G. DÍAZ HERRERA.
Noite de trunfo, por LEANDRO CARRE.
A castañeira de Santiago, por FELIPE FERNÁNDEZ ARMESTO.
Festa no ceo e na terra, por AUGUSTO MARÍA CASAS.
Santa María de Cambre, por ANXEL DEL CASTILLO.
Cantos populares da Bretaña, traducción de J. NÚÑEZ BÚA.
30 F., por FERNÁNDEZ MAZAS.
O tecnicismo da prehistoria galega, por F. BOUZA BREY.
Parábola, por OTERO ESPASANDÍN.
Notas pra un estudio da Urdiñeira, por ANXEL R. CERDEIRIÑA.
Dibuxos de Castelao e Fernández Mazas.

Número 32. Ourense 15 Agosto 1926

Lelías ao teu ouvido, por F. BOUZA BREY.
Boreas, por MANUEL PORTELA VALLADARES.
Ulyses, traducción de R. OTERO PEDRAYO.
Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 33. Ourense 15 Setembre 1926

Noiturnio IX, por E. BLANCO AMOR.
A interpretación da Historia e o valor do noso tempo, por VICENTE RISCO.
Alfonso do Cotón, humorista, por MAGARIÑOS NEGREIRA.
A vida na Bretaña, por R. MARTÍNEZ LÓPEZ.
A Edade do Ferro na Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Archivo filolóxico e etnográfico.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Número 34. Ourense 15 Outono 1926

Cántico do Sol, asegún San FRANCISCO DE ASÍS.
No centenario de San Francisco de Asís.
Do futurismo e mais do karma, por VICENTE RISCO.
Tres contos, por R. OTERO PEDRAYO.
A Edade do Ferro na Galiza, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.
